

CAMIÑOS FLUVIAIS

ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL
PARTICIPATIVO

Obxectivos
Plan de acción
Baremo de axudas
Limitacións sectoriais

Equipo de redacción: María Mellid López e María Fernández Varela

ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL GDR ULLA TAMBRE MANDEO

APARTADOS H e I

Contido

Índice de táboas.....	3
<i>H.1. Definición obxectivos estratéxicos: introdución.....</i>	<i>4</i>
H.1. Definición obxectivos estratéxicos.....	7
H.2. Indicadores para o seguimento do nivel de consecución dos obxectivos.....	21
<i>I. Plan de acción.....</i>	<i>25</i>
I.1. Liñas estratéxicas e medidas ou liñas de actuación	25
I.2. Proxectos e accións específicas con impacto significativo	33
I.3. Actuacións propias de animación a realizar polo grupo	38
I.4. Plan de formación do GDR.....	41
I.5. Plan de cooperación e traballo en rede con outros GDR e entidades	51
I.6. Planificación temporal	76
<i>I. Normas para a xestión da estratexia</i>	<i>80</i>
1. <i>Requisitos xerais dos proxectos</i>	80
a. Regras xerais de cálculo de porcentaxe	80
b. Procedemento para priorizar e seleccionar os proxectos verificados ..	81
II.- Criterios para establecer a prioridade e seleccionar proxectos produtivos.....	82
II.- Criterios para establecer a prioridade e seleccionar proxectos non produtivos	88
Regras específicas relativas ás limitacións e exclusións sectoriais.....	93

Índice de táboas

Táboa 1. Relación priorizada dos obxectivos xerais da estratexia

Táboa 2. Relación priorizada dos obxectivos específicos da estratexia

Táboa 3. Indicadores para o seguimento do nivel de consecución dos obxectivos

Táboa 4. Programación das actuacións propias de animación a realizar polo grupo

Táboa 5. Plan de formación

Táboa 6. Plan de cooperación e traballo en rede

Táboa 7. Planificación temporal dos proxectos e actividades

Táboa 8. Cadro de financiamento de proxectos.

H.1. Definición obxectivos estratéxicos: introdución

Despois do proceso participativo realizado durante o ano 2023 para a confección do estudo socioeconómico do territorio do GDR Ulla Tambre Mandeo, así como da súa síntese no DAFO achegado, conclúese que a Estrategia de Desenvolvemento Local 2023-2027 debe xirar arredor catro “ideas forza” ou “ámbitos de actuación”:

VIVIR

A poboación do territorio do Ulla Tambre Mandeo manifestou a través das distintas ferramentas de participación facilitadas polo GDR a súa inmensa preocupación porque os nove concellos sexan unha lugar onde “vivir” plenamente coa mellora dos aspectos básicos necesarios para conseguilo:

- oportunidades laborais axeitadas e de calidade, xa sexa a través do emprendemento e autoemprego como por conta allea da man dun tecido empresarial e produtivo dinámico,
- vivenda digna e accesible, con oferta suficiente, xa sexa de obra nova ou de inmobles para reforma e rehabilitación. Neste ítem, cobran especial relevancia, nos municipios polos que transcorre o Camiño de Santiago, as dificultades da poboación local para optar á compra ou ó aluguer pola presión que exercen as vivendas e pisos de uso turístico, en aumento constante e exponencial. Por outra banda, existen inmobles nas aldeas e núcleos diseminados que poderían rehabilitarse, máis non entran no circuíto do mercado por problemáticas coa propiedade, por desconfianza, por dificultades con permisos e licenzas, etc.
- dotación de servizos axeitada e suficiente por parte das entidades públicas locais e do tecido asociativo, sobre todo, no que se refire ós servizos de benestar e conciliación que fan posible que as familias no seu conxunto poidan optar ó mercado laboral sen limitacións; sen esquecer a oferta de servizos culturais, deportivos e de ocio, que enriquecen a sociedade local e “fan comunidade” no rural; aspecto “vital” para “calidade de vida das persoas maiores e o desenvolvemento saudable da mocidade.
- servizo de transporte suficiente e accesible tanto para os traxectos internos no ámbito do territorio, sobre todo entre as cabeceiras comarcais e os núcleos e aldeas peor conectados, como para a conexión coas diferentes cidades próximas de referencia do territorio no ámbito dos servizos como: servizos hospitalarios, educación secundaria, formación profesional e estudos universitarios, eventos culturais ou deportivos de masas, etc.; co cal se permita a permanencia da poboación no territorio.

Á súa vez, e neste caso, no eido das fortalezas, houbo case un acordo pleno sobre as potencialidades e recursos que fan do territorio do Ulla Tambre Mandeo un lugar idílico para vivir e desenvolverse, centrado en dúas cuestións: o “entorno” en base á natureza, á paisaxe, ó patrimonio histórico e á cultura e tradición; e as “persoas” en base á comunidade, familiaridade e bondade da sociedade rural local.

BEBER

Outro dos temas aglutinantes e ámbitos de actuación sobre os que fixar a estratexia de desenvolvemento local é a conservación e coidado do medio natural, en especial a auga, un recurso cada vez máis escaso a nivel global e imprescindible para a vida. Preocupan no territorio as prácticas agrarias máis intensivas e pouco respectuosas co medio (vertidos incontrolados de puríns, o uso de fertilizantes químicos e praguicidas e a presenza de grandes masas de monocultivos de forraxes, en moitas ocasións, modificados xeneticamente), a posible posta en marcha da explotación mineira de Touro e O Pino cos seus efectos sobre os recursos hídricos, a consolidación da gran parte da superficie forestal en explotación concentrada nunha especie foránea, pirófitas e gran demandante de auga.

A escasa preocupación ambiental no sector primario con respecto ás prácticas levadas a cabo redundan na eutrofización de ríos, regatos e lagoas e, tamén, na contaminación de fontes e mananciais, nunha situación onde a demanda de auga está en constante aumento e onde os episodios de seca son cada vez máis frecuentes e intensas, derivado dun cambio no patrón das precipitacións e no aumento das temperaturas dentro do contexto do cambio climático. A concienciación da poboación local, en canto o consumo responsable da auga, tamén debe incrementarse posto que, tradicionalmente, non existían problemas nesta índole no pasado.

Fóra dos efectos perniciosos nos recursos hídricos, Europa e os gobernos dos Estados Membros tamén demandan o paso cara unha economía baixa en carbono, a conservación da biodiversidade e o coidado do medio ambiente así como a loita contra o cambio climático e o fomento da enerxía limpa, obxectivos para os cales xa se están a poñer en marcha normativas e iniciativas: marcando novas esixencias na PAC para facela “máis verde”, o Pacto Verde europeo para a neutralidade climática, as distintas estratexias da biodiversidade e dos bosques 2030, etc.

VER (E VIBRAR)

da poboación local.

Os recursos naturais, históricos, culturais e etnográficos son a principal fonte de atracción turística e poden supoñer tanto o desenvolvemento económico do territorio a partir do propio crecemento do sector turístico (aloxamento, restauración, servizos complementarios) como actuar de apalancamento para a dinamización do resto de actividades económicas (comercio, servizos, artesanía, produción agroalimentaria, etc.).

Polo tanto, a Estratexia de Desenvolvemento Local debe artellar un plan de acción que consiga difundir e promocionar o patrimonio local, sempre, desde un punto de vista respectuoso que consiga poñer no mapa os recursos, pero sen degradalos nin danalos, para o cal é necesario encamiñar a estratexia turística cara o visitante respectuoso co patrimonio e coa poboación local, que valore a calidade do destino e estea concienciado co coidado do mesmo. Unha das aportacións da poboación local é a esixencia de que, no eido da

Tal e como se mencionaba anteriormente a natureza e o patrimonio do territorio son percibidos como un dos recursos estratéxicos por parte

promoción turística, se invista non só en “continente”, é dicir, en infraestruturas (museos, centros de interpretación, sinalización, etc.); senón en “contido” o que fai imprescindible que as iniciativas relacionadas coa posta en valor e coa promoción dos recursos patrimoniais apoiadas leven aparellados plans de xestión serios e con continuidade, que permitan derivar dos recursos vivencias e experiencias da man da súa interpretación, primando aquelas iniciativas que garantan recursos coa “porta aberta” e “actividades de promoción periódicas”.

Esta solicitude de ter edificios, recursos ou infraestruturas “con vida” non se circunscribe unicamente ó eido da cultura e do turismo, se non que a poboación local demándao para todos aqueles investimentos públicos locais (centros culturais e sociais, aulas de informática, centros etnográficos, bibliotecas, centros interxeracionais, etc) na busca da dinamización social da que carecen en maior ou menor medida os concellos do territorio.

VIR (E VOLVER)

O territorio do GDR Ulla Tambre Mandeo perde poboación desde fai máis dun cuarto de século, ó igual que a

maior parte do rural galego, iso conforma unha das principais debilidades do territorio: unha poboación envellecida, por mor da caída da natalidade xeneralizada e pola migración da mocidade cara outros lugares da provincia, principalmente ó ámbito urbano; e dispersa, pola propia caracterización da realidade territorial galega así como da propiedade da terra. Este esquema dificulta a mobilidade da poboación na vida diaria (traballo, estudos, recados cotiáns, etc.) así como a prestación de servizos básicos por parte das administracións. Aínda así, existe unha continua chegada de poboación estranxeira cara o territorio, xa sexan inmigrantes retornados ou seus descendentes, así como outras persoas sen vínculo previo co mesmo. Este movemento de poboación debe terse en conta no deseño da estratexia de desenvolvemento local e establecer como obxectivo o seu impulso e establecer un plan de acción para seguir incrementando o atractivo do territorio como lugar de residencia e traballo.

H.1. Definición obxectivos estratéxicos

Establécense seis obxectivos estratéxicos xerais, que, á súa vez, se concretan en varios obxectivos específicos, os cales si se ordenan en función da súa importancia para o GDR Ulla Tambre Mandeo con base na estratexia achegada e a posibilidade de fondos públicos a incorporar na mesma. Incorpórase tamén un **obxectivo transversal** que se corresponde coa **“Consecución dunha sociedade rural local xusta, integradora e con igualdade plena en canto ós dereitos e oportunidades entre homes e mulleres”**.

A continuación, reflíctense os obxectivos xerais da Estratexia de Desenvolvemento Local 2023-2027 xunto cunha síntese das motivacións polas cales se establecen os devanditos obxectivos, extraídas dos documentos da Estratexia xa aportados: proceso participativo, estudo socioeconómico, retrospectiva Leader, marco normativo, uso da terra, coordinación das estratexias e proxectos piloto.

1. Impulso da gobernanza local, da integridade territorial do Ulla Tambre Mandeo e do papel da asociación como entidade protagonista do desenvolvemento rural.

Obxectivos específicos prioritarios

- 1.1. Consecución dun GDR renovado e equilibrado, a través da incorporación activa das entidades que están infra-representadas tanto na Asemblea Xeral como na Xunta Directiva: as mulleres e a mocidade.
- 1.2. Dinamización do movemento asociativo da mocidade no territorio e da implicación deste colectivo no desenvolvemento local do mesmo.
- 1.3. Consolidación do GDR como unidade territorial perante as distintas administracións públicas así como de cara ós diferentes plans e proxectos nos que participa. Liña estratéxica: Poñen en valor da súa labor e a contribución de 30 anos Leader no territorio a través da busca do recoñecemento debido.
- 1.4. Mellora da eficacia e eficiencia da tramitación de axudas Leader: redución da burocracia, axilización de prazos, mellora dos controis, incremento dos requisitos de cumprimento de promotores, minoración na perda de fondos.

2. Dinamización produtiva e económica do sector primario local, en especial, do sector lácteo.

Obxectivos específicos prioritarios:

- 2.1. Incremento do valor engadido dos produtos lácteos da man da diferenciación dos mesmos con marcas propias, da incorporación dos mesmos a sistemas de calidade, ou da elaboración de novos produtos a través da transformación.
- 2.2. Instauración dos circuitos curtos de comercialización do eido dos produtos agroalimentarios locais (Estratexia da granxa á mesa): espazos de comercialización nas explotacións, nos negocios locais de aloxamento e restauración así como no comercio local, venda online, plataformas loxísticas locais de venda de produtos locais, mercados e prazas locais, etc.
- 2.3. Incremento da capacidade produtiva do territorio coa posta en produción de parcelas non produtivas, abandonadas e/ou infrautilizadas da man dos instrumentos da Lei de Recuperación de Terra Agraria para usos agrícolas, gandeiros ou forestais.

Obxectivos específicos importantes:

- 2.4. Cambio do sector agrario local cara prácticas sustentables co medio ambiente: recuperación de variedades agrícolas tradicionais, certificación ecolóxica, permacultura, hidroponía, etc.
- 2.5. Diversificación os aproveitamentos forestais do territorio tanto no eido madeireiro co apoio ós cultivos de especies forestais autóctonas como no apoio á obtención de outros aproveitamentos distintos: froitos, fungos, cortiza, resina, aceites, biomasa, etc. así como das actividades de transformación dos mesmos en outros produtos elaborados: cosmética, farmacia, industria agroalimentaria, alimentación animal, etc.

3. Consolidación do territorio Ulla Tambre Mandeo como destino turístico de natureza, cultura e patrimonio.

Obxectivos específicos prioritarios:

- 3.1. Inclusión do Ulla Tambre Mandeo nos circuítos nacionais e internacionais o como destino cicloturista a través da promoción e dotación de coñecemento, infraestruturas e servizos na Ruta Cicloturista do Ulla, no Eurovelo 3 e na Ruta do Holandés.

Obxectivos específicos importantes:

- 3.2. Incremento da calidade nos servizos turísticos locais e creación de novos servizos turísticos que estructuren a oferta para a captación de visitantes.
- 3.3. Conversión dos recursos patrimoniais, en especial daqueles consensuados como prioritarios, do territorio en produtos turísticos con contido, co obxectivo de incrementar o atractivo turístico do destino.

4. Conservación e protección do medio natural local e dos seus recursos esenciais, en especial, a auga. Adaptación e mitigación do cambio climático e redución da contaminación.

Obxectivos específicos prioritarios

- 4.1. Protección e coidado da biodiversidade, en especial, a contorna fluvial, bosques de ribeira e fragas autóctonas.
- 4.2. Incorporación a dimensión medioambiental na contorna urbana e núcleos de poboación do territorio: illas climáticas, hortos urbanos, coidado de fontes, mananciais e traídas veciñais, recollida selectiva de residuos, etc.
- 4.3. Incorporación das prácticas sustentables medioambientalmente nas empresas locais tanto na posta en marcha da empresa como no proceso produtivo (aforro e reutilización de enerxía, auga e materiais, sumidoiros de carbono).

Obxectivos específicos importantes

- 4.4. Incorporación de prácticas sustentables medioambientalmente nas explotacións agrarias para a protección dos solos e do ciclo hídrico (minimizar fertilizantes químicos, emprego de maquinaria sen emisións, prácticas de captura de carbono, agricultura ecolóxica, gandería extensiva, plantas de tratamento de puríns, etc.)

4.5. Potenciar o desenvolvemento de iniciativas de economía circular no territorio: compostaxe comunitaria, aproveitamento de subprodutos e reutilización de refugалlos.

5. Incremento da renda da poboación local e creación de emprego de calidade. Fortalecemento do tecido económico local a través da innovación, o coñecemento e a dixitalización.

Obxectivos específicos prioritarios

- 5.1. Dinamización na creación e modernización das pequenas empresas no territorio para a xeración e mantemento de emprego de calidade e o incremento da renda.
- 5.2. Incorporación nas empresas locais de solucións innovadoras partir da transferencia de coñecemento de centros investigadores (especialmente as Universidades e Centros Tecnolóxicos).

Obxectivos específicos importantes

- 5.3. Mellorar as perspectivas na comercialización e a competitividade das empresas locais, en especial, daquelas de pequeno tamaño da man da dixitalización: venda online, marketing e redes sociais, teletraballo, etc.

6. Mellora da calidade de vida e da capacidade de fixación de poboación da man da creación e ampliación de servizos e infraestruturas a nivel local.

Obxectivos específicos prioritarios

- 6.1. Dotación e mellora dos servizos e infraestruturas de benestar e conciliación local, especialmente dirixidos a persoas maiores e nenos e nenas: residencias, centros de día, centros ocupacionais, garderías e canguraxes, terapias de saúde e coidado, transporte adaptado, etc.
- 6.2. Dotación e mellora de infraestruturas e servizos para a mocidade, entre os 12 e 25 anos, especialmente nos ámbitos cultural, deportivo, asociativo, de voluntariados, etc.; fomentando unha vida activa, un currículo multidisciplinar e equilibrado así como un uso responsable e saudable do ocio na xuventude local.
- 6.3. Mellora da mobilidade da poboación local
- 6.4. Mellora da accesibilidade na vivenda no territorio.

Obxectivos específicos importantes

- 6.5. Dotación e mellora das infraestruturas e servizos de telecomunicacións, accesibles para a veciñanza, especialmente en edificios públicos e de uso colectivo

Táboa 1. Relación priorizada dos obxectivos xerais da estratexia

Nº	Obxectivos xerais	Xustificación no marco da estratexia (*)
1	Impulso da gobernanza local, da integridade territorial do Ulla Tambre Mandeo e do papel da asociación como entidade protagonista do desenvolvemento rural	Escasa participación da mocidade no movemento asociativo local Programa Leader con longa traxectoria no territorio e efectividade testada a través da consolidación no tempo dos proxectos subvencionados Perda de poboación local e envellecemento da mesma Incremento na masa crítica da Asemblea Xeral do GDR pola esforzo no fomento da participación Desequilibrio na representación de determinados colectivos en Asemblea Xeral e Xunta Directiva: mulleres e mocidade Ameaza para o Leader: minoración continua de fondos públicos para o programa Debilidade en canto á tramitación: maior carga burocrática, alongamento de prazos, etc.
2	Dinamización produtiva e económica do sector primario local, en especial, o sector lácteo	A produción agroalimentaria local, definida pola súa calidade, é unha das fortalezas do territorio Oportunidade arredor da concienciación dos consumidores: consumo responsable, local, ecolóxico, de tempada, de proximidade, etc. A D.O.P Arzúa-Ulloa como fortaleza e recurso local (emprego, industria, festa recoñecemento nacional, identidade produto-territorio) Deficiente xestión do bosque, sobre todo, o autóctono Importante base agraria na economía local Dominio do sector de vacún de leite e dos cultivos forraxeiros dedicados á alimentación do gando bovino Proceso de concentración de explotacións e intensificación produtiva. Efectos medioambientais adversos. Aposta do GDR pola promoción da produción agroalimentaria, dentro da promoción territorial, desde o inicio da súa actividade. A estrutura da propiedade presenta limitacións de cara á produtividade na parte oriental do territorio (Sobrado, Toques e Santiso): menor implantación de procesos de concentración parcelaria e existencia de figuras de protección natural limitativas
3	Consolidación do territorio Ulla Tambre Mandeo como destino turístico de natureza, cultura e patrimonio	As fortalezas do UTM en canto ó turismo correspóndense con: Camiño de Santiago, natureza e paisaxe, patrimonio cultural e gastronomía Oportunidade nas novas formas de turismo: responsable e sostible Descoñecemento do destino turístico: falta de promoción Confirmación do listado dos recursos turísticos prioritarios leader 2014-2020 Necesidade de incrementar a calidade dos negocios turístico e estruturar novos produtos e servizos

		Preocupación pola imaxe do territorio nos momentos de masificación do Camiño Francés. Proliferación de casas e pisos de uso turístico percibidas como unha ameaza: competencia desleal, problema de convivencia, incremento das dificultades no acceso á vivenda Incremento exponencial das prazas de aloxamento: expectativas Xacobeo 2021, axudas Leader, nova categoría de aloxamento: vivendas e pisos de uso turístico. Novo recurso turístico en desenvolvemento: Eurovelo 3 / Ruta do Holandés Leader fortemente relacionado co sector do aloxamento: apoio decisivo para o desenvolvemento do turismo rural nos inicios No 2014-2020 detéctase escaseza de servizos turísticos no Camiño Norte, Primitivo e Ruta do Holandés. Obxectivo sobradamente cumprido Excesivo éxito: desequilibrio sectorial na concesión de axudas (53% das axudas para este sector) .
4	Conservación e protección do medio natural local e dos seus recursos esenciais, en especial, a auga. Adaptación e mitigación do cambio climático e redución da contaminación	O medio natural como fortaleza do territorio: economía, turismo, calidade de vida. Degradación do medio ambiente e do medio natural xeralizado a nivel global, ameazas: pragas, secas, contaminación, fenómenos climáticos extremos, etc. Presenza de agricultura e gandería intensiva pouco respectuosa co medio natural e o medio Oportunidade no avance na concienciación ambiental tanto de consumidores como de produtores Territorio cunha importante superficie na Rede Galega de Espazos Protexidos: Zec Serra do Careón, Zec río Tambre, Zec Sistema fluvial Ulla-Deza. Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. Supón o recoñecemento da importancia do medio natural local pero, tamén, a restrición de usos e actividades económicas por unha figura moi intervencionista (Rede Natura 2000) A dimensión ambiental como obxectivo transversal do GDR Ulla Tambre Mandeo desde os inicios da súa actividade.
5	Incremento da renda da poboación local a través do emprego de calidade. Fortalecemento do tecido económico local a través da innovación, o coñecemento e a dixitalización	Tecido empresarial consolidado e atomizado, que se adapta á situación cambiante (resiliencia), non obstante, ausencia de grandes empresas intensivas en emprego. A estrutura sectorial da economía local baséase en sectores maduros con menor crecemento e grao de innovación. O sector industrial está pouco desenvolvido e centrado en actividades auxiliares da construción Necesidade unánime dunha administración máis áxil e con menos carga burocrática (permisos, etc.), na cal, ademais se incorpore á normativa a perspectiva rural.

		Necesidade de mellora da competitividade e atractivo das empresas da man da dixitalización: venda online, teletraballo, etc. Necesidade de formación de man de obra nos oficios que precisan as empresas e tamén en emprendemento Principal ameaza detectada é a escalada de prezos, as crises de abastecemento e os conflitos bélicos vixentes. Oportunidade de incremento da demanda para empresas locais: consolidación de grandes empresas no polígono industrial de Curtis. Necesidade de incorporar o coñecemento e a innovación a partir do contacto coas Universidades e os Centros Tecnolóxicos próximo. Escaseza de chan industrial dispoñible e presenza de eivas importantes nos servizos dos polígonos existentes; TICs, depuradora, seguridade, etc. Baixo nivel de renda da poboación Existencia dunha gran porcentaxe de desemprego de longa duración Oportunidade de aproveitar a estrutura de idade da poboación actual para a xeración de empresas e actividade económica relacionada coa “silver economy”.
6	Mellora da calidade de vida e da capacidade de fixación de poboación da man da creación e ampliación de servizos e infraestruturas a nivel local	Satisfacción xeral coa calidade de vida no territorio: desexo de establecerse aquí nun futuro. Razóns nas que se sustenta a calidade de vida: natureza, pertenza á comunidade, familia, orgullo do rural Principal limitación detectada: falta de vivenda e falta dunha solución de mobilidade axeitada (mellora cara o exterior e creación dun sistema interterritorial) Necesidade de mellora na mobilidade do territorio en canto a opcións de transporte público Faltan oportunidades de emprego no territorio Dificultades na accesibilidade á vivenda Melloras para o incremento da calidade de vida: maior dotación de servizos de benestar, oportunidades culturais e deportivas para a mocidade que redunden na adquisición de experiencias curriculares e no ocio saudable Necesidade de incorporar actividades culturais e deportivas de calidade para o segmento de idade de 16 a 25 anos Situación estratéxica para a fixación de poboación en canto a: axeitada estruturación das vías de comunicación, mercados urbanos próximos, proximidade do aeroporto e de grandes parques empresariais e industriais. Finalización da A54: ameaza de deslocalización da actividade económica e do comercio, necesidade de afrontala e que esta vía de capacidade sirva para o contrario: mellor vertebración do territorio coas grandes cidades e potencialidade cara a fixación da poboación. Necesidade de mellora no acceso e calidade do servizo das TICs

--	--	--

Táboa 2. Relación priorizada dos obxectivos específicos da estratexia

Importancia	Obxectivos específicos	Obxectivo(os) xeral(ais) ao(s) que se vincula	Xustificación no marco da estratexia (*)
PRIORITARIO	1.1 Consecución dun GDR, como asociación, renovado e equilibrado	1. Impulso da gobernanza local, da integridade territorial do Ulla Tambre Mandeo e do papel da asociación como entidade protagonista do desenvolvemento rural	Incremento na masa crítica da Asemblea Xeral do GDR pola esforzo no fomento da participación Desequilibrio na representación de determinados colectivos en Asemblea Xeral e Xunta Directiva: mulleres e mocidade
PRIORITARIO	1.2 Dinamización do movemento asociativo da mocidade no territorio		Escasa participación da mocidade no movemento asociativo local Necesidade de incorporar actividades culturais e deportivas de calidade para o segmento de idade de 16 a 25 anos Perda de poboación local e envellecemento da mesma
PRIORITARIO	1.3 Consolidación do GDR como unidade territorial		Programa Leader con longa traxectoria no territorio e efectividade testada a través da consolidación no tempo dos proxectos subvencionados Potencialidade no cambio na actitude da poboación con respecto ó rural: da baixa autoestima ó orgullo
PRIORITARIO	1.4 Mellora da eficacia e eficiencia na tramitación Leader		Ameaza para o Leader: minoración continua de fondos públicos para o programa Debilidade en canto á tramitación: maior carga burocrática, alongamento de prazos, etc.
PRIORITARIO	2.1 Incremento do valor engadido dos produtos lácteos	2. Dinamización produtiva e económica do sector primario local, en especial, o sector lácteo	A produción agroalimentaria local, definida pola súa calidade, é unha das fortalezas do territorio A D.O.P Arzúa-Ulloa como fortaleza e recurso local (emprego, industria, festa recoñecemento nacional, identidade produto-territorio) Importante base agraria na economía local Dominio do sector de vacún de leite e dos cultivos forraxeiros dedicados á alimentación do gando bovino
PRIORITARIO	2.2 Instauración dos circuitos curtos de comercialización do eido dos produtos agroalimentarios		A produción agroalimentaria local, definida pola súa calidade, é unha das fortalezas do territorio Aposta do GDR pola promoción da produción agroalimentaria, dentro

	loais (Estratexia da granxa á mesa)		da promoción territorial, desde o inicio da súa actividade
PRIORITARIO	2.3 Incremento da capacidade produtiva do territorio coa posta en produción de parcelas non produtivas, abandonadas e/ou infrautilizadas da man dos instrumentos da LRTA		Importante base agraria na economía local A estrutura da propiedade presenta limitacións de cara á produtividade na parte oriental do territorio (Sobrado, Toques e Santiso): menor implantación de procesos de concentración parcelaria e existencia de figuras de protección natural limitativas.
IMPORTANTE	2.4 Cambio do sector agrario local cara prácticas sustentables co medio ambiente: recuperación de variedades agrícolas tradicionais, certificación ecolóxica, permacultura, hidroponía, etc.		Oportunidade arredor da concienciación dos consumidores: consumo responsable, local, ecolóxico, de tempada, de proximidade, etc. Proceso de concentración de explotacións e intensificación produtiva. Efectos medioambientais adversos.
IMPORTANTE	2.5 Diversificación os aproveitamentos forestais do territorio tanto no eido madeireiro co apoio ós cultivos de especies forestais autóctonas como no apoio á obtención de outros aproveitamentos distintos: froitos, fungos, cortiza, resina, aceites, biomasa, etc. así como das actividades de transformación dos mesmos en outros produtos elaborados: cosmética, farmacia, industria agroalimentaria, alimentación animal, etc.		Deficiente xestión do bosque, sobre todo, o autóctono
PRIORITARIO	3.1 Inclusión do Ulla Tambre Mandeo nos circuitos nacionais e internacionais o como destino cicloturista a través da promoción e dotación de coñecemento, infraestruturas e servizos na Ruta Cicloturista do Ulla, no Eurovelo 3 e na Ruta do Holandés.	3. Consolidación do territorio Ulla Tambre Mandeo como destino turístico de natureza, cultura e patrimonio	Oportunidade nas novas formas de turismo: responsable e sostible Novo recurso turístico en desenvolvemento: Eurovelo 3 / Ruta do Holandés Leader fortemente relacionado co sector do aloxamento: apoio decisivo para o desenvolvemento do turismo rural nos inicios No 2014-2020 detéctase escaseza de servizos turísticos no Camiño Norte, Primitivo e Ruta do Holandés. Obxectivo sobradamente cumprido Excesivo éxito: desequilibrio sectorial na concesión de axudas (53% das axudas para este sector)
IMPORTANTE	3.2 Conversión dos recursos patrimoniais do territorio, en		As fortalezas do UTM en canto ó turismo correspóndense con:

	especial os consensuados como prioritarios, en produtos turísticos con contido, co obxectivo de incrementar o atractivo turístico do destino		Camiño de Santiago, natureza e paisaxe, patrimonio cultural e gastronomía Descoñecemento do destino turístico: falta de promoción Confirmación do listado dos recursos turísticos prioritarios leader 2014-2020
IMPORTANTE	3.3 Incremento da calidade nos servizos turísticos locais e creación de novos servizos turísticos que estruturen a oferta para a captación de visitantes		Necesidade de incrementar a calidade dos negocios turísticos e estruturar novos produtos e servizos Preocupación pola imaxe do territorio nos momentos de masificación do Camiño Francés. Proliferación de casas e pisos de uso turístico percibidas como unha ameaza: competencia desleal, problema de convivencia, incremento das dificultades no acceso á vivenda Incremento exponencial das prazas de aloxamento: expectativas Xacobeo 2021, axudas Leader, nova categoría de aloxamento: vivendas e pisos de uso turístico.
PRIORITARIO	4.1 Protección e coidado da biodiversidade, en especial, as fragas autóctonas.	4. Conservación e protección do medio natural local e dos seus recursos esenciais, en especial, a auga. Adaptación e mitigación do cambio climático e redución da contaminación	O medio natural como fortaleza do territorio: economía, turismo, calidade de vida. Territorio cunha importante superficie na Rede Galega de Espazos Protexidos: Zec Serra do Careón, Zec río Tambre, Zec Sistema fluvial Ulla-Deza. Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. Supón o recoñecemento da importancia do medio natural local pero, tamén, a restrición de usos e actividades económicas por unha figura moi intervencionista (Rede Natura 2000)
PRIORITARIO	4.2 Incorporación a dimensión medioambiental na contorna urbana e núcleos de poboación do territorio: illas climáticas, hortos urbanos, coidado de fontes, mananciais e traídas veciñais, recollida selectiva de residuos, etc.		Degradación do medio ambiente e do medio natural xeralizado a nivel global, ameazas: pragas, secas, contaminación, fenómenos climáticos extremos, etc.
PRIORITARIO	4.3 Incorporación das prácticas sustentables medioambientalmente nas empresas locais tanto na posta en marcha da empresa como no		A dimensión ambiental como obxectivo transversal do GDR Ulla Tambre Mandeo desde os inicios da súa actividade.

	proceso produtivo (aforro e reutilización de enerxía, auga e materiais, sumidoiros de carbono)		
IMPORTANTE	4.4 Potenciar o desenvolvemento de iniciativas de economía circular no territorio: compostaxe comunitaria, aproveitamento de subprodutos e reutilización de refugалlos.		A dimensión ambiental como obxectivo transversal do GDR Ulla Tambre Mandeo desde os inicios da súa actividade.
PRIORITARIO	5.1 Dinamización na creación e modernización das pequenas empresas no territorio para a xeración e mantemento de emprego de calidade e o incremento da renda.	5. Incremento da renda da poboación local a través do emprego de calidade. Fortalecemento do tecido económico local a través da innovación, o coñecemento e a dixitalización	Tecido empresarial consolidado e atomizado, que se adapta á situación cambiante (resiliencia), non obstante, ausencia de grandes empresas intensivas en emprego. Necesidade unánime dunha administración máis áxil e con menos carga burocrática (permisos, etc.), na cal, ademais se incorpore á normativa a perspectiva rural. Necesidade de formación de man de obra nos oficios que precisan as empresas e tamén en emprendemento Principal ameaza detectada é a escalada de prezos, as crises de abastecemento e os conflitos bélicos vixentes. Oportunidade de incremento da demanda para empresas locais: consolidación de grandes empresas no polígono industrial de Curtis. Escaseza de chan industrial dispoñible e presenza de eivas importantes nos servizos dos polígonos existentes; TICs, depuradora, seguridade, etc. Baixo nivel de renda da poboación Existencia dunha gran porcentaxe de desemprego de longa duración Oportunidade de aproveitar a estrutura de idade da poboación actual para a xeración de empresas e actividade económica relacionada coa “silver economy”.
PRIORITARIO	5.2 Incorporación nas empresas locais, especialmente naquelas do sector fabril e produtivo, de solucións produtivas e organizativas a partir do coñecemento e innovación dos centros investigadores próximos (especialmente as Universidades e Centros Tecnolóxicos). Fomento do teletraballo para a captación de		A estrutura sectorial da economía local baséase en sectores maduros con menor crecemento e grao de innovación. O sector industrial está pouco desenvolvido e centrado en actividades auxiliares da construción. Necesidade de incorporar o coñecemento e a innovación a partir do contacto coas

	novos empregos, empresas e poboadores.		Universidades e os Centros Tecnolóxicos próximo. Tecido empresarial consolidado e atomizado, que se adapta á situación cambiante (resiliencia), non obstante, ausencia de grandes empresas intensivas en emprego.
IMPORTANTE	5.3 Mellorar as perspectivas na comercialización e a competitividade das empresas locais, en especial, daquelas de pequeno tamaño da man da dixitalización: venda online, marketing e redes sociais, etc.		Necesidade de mellora da competitividade e atractivo das empresas da man da dixitalización: venda online, teletraballo, etc.
PRIORITARIO	6.1 Dotación e mellora dos servizos e infraestruturas de benestar e conciliación local, especialmente dirixidos a persoas maiores e nenos e nenas: residencias, centros de día, centros ocupacionais, garderías e canguraxes, terapias de saúde e coidado, transporte adaptado, etc.	6. Mellora da calidade de vida e da capacidade de fixación de poboación da man da creación e ampliación de servizos e infraestruturas a nivel local	Satisfacción xeral coa calidade de vida no territorio: desexo de establecerse aquí nun futuro. Razóns nas que se sustenta a calidade de vida: natureza, pertenza á comunidade, familia, orgullo do rural Faltan oportunidades de emprego no territorio Melloras para o incremento da calidade de vida: maior dotación de servizos de benestar, oportunidades culturais e deportivas para a mocidade que redunden na adquisición de experiencias curriculares e no ocio saudable (16 a 25 anos) Situación estratéxica para a fixación de poboación en canto a: axeitada estruturación das vías de comunicación, mercados urbanos próximos, proximidade do aeroporto e de grandes parques empresariais e industriais. Finalización da A54: ameaza de deslocalización da actividade económica e do comercio, necesidade de afrontala e que esta vía de capacidade sirva para o contrario: mellor vertebración do territorio coas grandes cidades e potencialidade cara a fixación da poboación.
PRIORITARIO	6.2 Dotación e mellora de infraestruturas e servizos para a mocidade, entre os 12 e 25 anos, especialmente nos ámbitos cultural, deportivo, asociativo, de voluntariados, etc.; fomentando unha vida activa, un currículo multidisciplinar e equilibrado así		Melloras para o incremento da calidade de vida: maior dotación de servizos de benestar, oportunidades culturais e deportivas para a mocidade que redunden na adquisición de experiencias curriculares e no ocio saudable (16 a 25 anos)

	como un uso responsable e saudable do ocio na xuventude local.		
PRIORITARIO	6.3 Mellora da mobilidade da poboación local		Necesidade de mellora na mobilidade do territorio en canto a opcións de transporte público Situación estratéxica para a fixación de poboación en canto a: axeitada estruturación das vías de comunicación, mercados urbanos próximos, proximidade do aeroporto e de grandes parques empresariais e industriais. Finalización da A54: ameaza de deslocalización da actividade económica e do comercio, necesidade de afrontala e que esta vía de capacidade sirva para o contrario: mellor vertebración do territorio coas grandes cidades e potencialidade cara a fixación da poboación.
PRIORITARIO	6.4 Mellora da accesibilidade ó aluguer ou adquisición de vivenda no territorio.		Principal limitación detectada: falta de vivenda e falta dunha solución de mobilidade axeitada (mellora cara o exterior e creación dun sistema interterritorial) Situación estratéxica para a fixación de poboación en canto a: axeitada estruturación das vías de comunicación, mercados urbanos próximos, proximidade do aeroporto e de grandes parques empresariais e industriais. Finalización da A54: ameaza de deslocalización da actividade económica e do comercio, necesidade de afrontala e que esta vía de capacidade sirva para o contrario: mellor vertebración do territorio coas grandes cidades e potencialidade cara a fixación da poboación.
IMPORTANTE	6.5 Dotación e mellora das infraestruturas e servizos de telecomunicacións, accesibles para a veciñanza, especialmente en edificios públicos e de uso colectivo (bibliotecas, centros culturais, viveiros de empresas, centros sociais parroquiais, etc.)		Necesidade de mellora no acceso e calidade do servizo das TICs

H.2. Indicadores para o seguimento do nivel de consecución dos obxectivos

Táboa 3. Indicadores para o seguimento do nivel de consecución dos obxectivos

Obxectivos específicos			
CÓDIGO	Obxectivo	Indicador	Desempeño mínimo
1. Impulso da gobernanza local, da integridade territorial do Ulla Tambre Mandeo e do papel da asociación como entidade protagonista do desenvolvemento rural			
OE1.1	Consecución dun GDR, como asociación, renovado e equilibrado	Representación mínima das mulleres no órgano de goberno Incorporación de asociacións de xuventude	Que o 40% dos integrantes da Xunta Directiva sexan mulleres Que se integren na Asemblea Xeral 2 asociacións co colexio de Xuventude
OE1.2	Dinamización do movemento asociativo da mocidade no territorio	Constitución de novas entidades de xuventude efectivamente formadas por persoas mozas	Constitución de dúas asociacións de nova creación de mocidade
OE1.3	Consolidación do GDR como unidade territorial	Defensa da integridade territorial do GDR nos distintos proxectos, actividades, convenios, etc. nos que se involucre	Recuperación dun xeodestino coincidente co ámbito xeográfico do GDR
OE1.4	Mellora da eficacia e eficiencia na tramitación Leader	Execución efectiva de fondos	Execución mínima do 75% de cada convocatoria Leader na medida 19.2
2. Dinamización produtiva e económica do sector primario local, en especial, o sector lácteo			
OE2.1	Incremento do valor engadido dos produtos lácteos	Posta en marcha de iniciativas de valorización e/ou transformación de produtos lácteos.	Posta en marcha de 2 novas iniciativas
OE2.2	Instauración dos circuitos curtos de comercialización do eido dos produtos agroalimentarios locais (Estratexia da granxa á mesa)	Creación de espazos de exhibición e venda de produtos agroalimentarios locais no ámbito local	Posta en marcha de 5 novos espazos de venda de produción agroalimentaria local (venda na explotación, en negocios do territorio, venda online, etc.)
OE2.3	Incremento da capacidade produtiva do territorio coa posta en produción de parcelas non produtivas, abandonadas e/ou infrautilizadas da man dos instrumentos da LRTA	Utilización das ferramentas da LRTA	Posta en marcha de 1 iniciativa de uso das ferramentas da LRTA
OE2.4	Cambio do sector agrario local cara prácticas sustentables co medio ambiente: recuperación de variedades agrícolas tradicionais, certificación ecolóxica, permacultura, hidroponía, gandería extensiva, etc.	Difusión de prácticas agrarias sustentables e respectuosas co medio ambiente Posta en marcha de actividades agroforestais certificadas en prácticas medioambientais respectuosas	Que, polo menos, 20 persoas reciban formación orientada ó emprego sobre prácticas agrarias respectuosas co medio ambiente Posta en marcha de 1 iniciativa de produción primaria certificada en prácticas medioambientais
OE2.5	Diversificación os aproveitamentos forestais do territorio tanto no eido madeireiro	Posta en marcha de iniciativas de aproveitamentos forestais relacionados coas especies	Posta en marcha de 2 novas iniciativas

	co apoio ós cultivos de especies forestais autóctonas como no apoio á obtención de outros aproveitamentos distintos: froitos, fungos, cortiza, resina, aceites, biomasa, etc. así como das actividades de transformación dos mesmos en outros produtos elaborados: cosmética, farmacia, industria agroalimentaria, alimentación animal, etc.	autóctonas ou a elaboración de produtos a partir das mesmas	
3. Consolidación do territorio Ulla Tambre Mandeo como destino turístico de natureza, cultura e patrimonio			
OE3.1	Conversión dos recursos patrimoniais prioritarios do territorio en produtos turísticos con contido, co obxectivo de incrementar o atractivo turístico do destino	Posta en marcha de produtos turísticos arredor dos recursos prioritarios do territorio	Posta en marcha de 1 novo produto
OE3.2	Inclusión do Ulla Tambre Mandeo nos circuitos nacionais e internacionais o como destino cicloturista a través da promoción e dotación de coñecemento, infraestruturas e servizos na Ruta Cicloturista do Ulla, no Eurovelo 3 e na Ruta do Holandés.	Posta en marcha de servizos de aloxamento e restauración que estruturen a oferta no Eurovelo 3/Ruta do Holandés/Ruta cicloturista do Ulla	Posta en marcha de 2 novas iniciativas
OE3.3	Incremento da calidade nos servizos turísticos locais e creación de novos servizos turísticos que estruturen a oferta para a captación de visitantes	Posta en marcha de actividades de servizos turísticos complementarios	Posta en marcha de 2 iniciativas
OE3.4	Conversión dos recursos patrimoniais, distintos dos prioritarios, do territorio en produtos turísticos con contido, co obxectivo de incrementar o atractivo turístico do destino.	Posta en marcha de produtos turísticos arredor de recursos do territorio, distintos dos prioritarios	Posta en marcha de 1 novo produto
4. Conservación e protección do medio natural local e dos seus recursos esenciais, en especial, a auga. Adaptación e mitigación do cambio climático e redución da contaminación			
OE4.1	Protección e coidado da biodiversidade, en especial, a contorna fluvial, bosques de ribeira e fragas autóctonas.	Posta en marcha de iniciativas de protección e coidado da biodiversidade e de recuperación do medio natural	Posta en marcha de 2 iniciativas
OE4.2	Incorporación a dimensión medioambiental na contorna urbana e núcleos de poboación do territorio: illas climáticas, hortos urbanos, coidado de fontes, mananciais, acuíferos, recollida selectiva de residuos contaminantes, etc.	Posta en marcha de actuacións de adaptación e mitigación do cambio climático na contorna urbana e núcleos de poboación	Posta en marcha de 2 iniciativas

OE4.3	Incorporación das prácticas sustentables medioambientalmente nas empresas locais tanto na posta en marcha da empresa como no proceso produtivo (aforro e reutilización de enerxía, auga e materiais, sumidoiros de carbono)	Incorporación de prácticas respectuosas co medio no que se refire a aforro e/ou reutilización de enerxía, auga ou materiais; nas empresas locais Formación en prácticas agroforestais respectuosas co medio	Introdución destas melloras en 10 empresas do territorio Que, polo menos, 20 persoas se formen en prácticas agroforestais respectuosas co medio.
OE4.4	Potenciar o desenvolvemento de iniciativas de economía circular no territorio: compostaxe comunitaria, aproveitamento de subprodutos e reutilización de refugалlos.	Iniciativa de difusión sobre a compostaxe e o aproveitamento de refugалlos con visita demostrativa ó punto verde de xestión de residuos orgánicos de Vilasantar (proxecto Leader 2014-2020)	Que 50 persoas coñezan iniciativas de economía circular no ámbito local
5. Incremento da renda da poboación local a través do emprego de calidade. Fortalecemento do tecido económico local a través da innovación, o coñecemento e a dixitalización			
OE5.1	Dinamización na creación e modernización das pequenas empresas no territorio para a xeración e mantemento de emprego de calidade e o incremento da renda.	Creación e mantemento de emprego Contratación de colectivos desfavorecidos Contratos de traballo cualificados ou cun salario superior á media galega 2022	30 novos postos de traballo 15 deles de colectivos desfavorecidos 6 deles cualificados ou cun salario superior á media galega 2022
OE5.2	Incorporación nas empresas locais, especialmente naquelas do sector fabril e produtivo, de solucións produtivas e organizativas a partir do coñecemento e innovación dos centros investigadores próximos (especialmente as Universidades e Centros Tecnolóxicos). Fomento do teletraballo para a captación de novos empregos, empresas e poboadores.	Posta en marcha de iniciativas empresariais, de nova creación ou modernizacións, a partir de proxectos de I+D+I Posta en marcha de novas actividades económicas a nivel municipal	Posta en marcha de 1 iniciativa a partir de I+D+I Posta en marcha de 3 iniciativas novas a nivel municipal
OE5.3	Mellorar as perspectivas na comercialización e a competitividade das empresas locais, en especial, daquelas de pequeno tamaño da man da dixitalización: venda online, marketing, teletraballo, e redes sociais, etc.	Introdución de melloras nas empresas locais da man da dixitalización nos procesos de produción ou comercialización	Posta en marcha de 2 iniciativas
6. Mellora da calidade de vida e da capacidade de fixación de poboación da man da creación e ampliación de servizos e infraestruturas a nivel local			
OE6.1	Dotación e mellora dos servizos e infraestruturas de benestar e conciliación local, especialmente dirixidos a persoas maiores e nenos e nenas: residencias, centros de día, centros ocupacionais, garderías e canguraxes, terapias de saúde e coidado, transporte adaptado, etc.	Posta en marcha de iniciativas Dotación e mellora dos servizos e infraestruturas de benestar e conciliación	Posta en marcha de 3 iniciativas

OE6.2	Dotación e mellora de infraestruturas e servizos para a mocidade, entre os 12 e 25 anos, especialmente nos ámbitos cultural, deportivo, asociativo, de voluntariados, etc.; fomentando unha vida activa, un currículo multidisciplinar e equilibrado así como un uso responsable e saudable do ocio na xuventude local.	Posta en marcha de proxectos ou iniciativas	Posta en marcha de 2 iniciativas
OE3.2	Mellora da mobilidade da poboación local	Posta en marcha de proxectos financiados polo GDR ou de difusión ou cooperación	Posta en marcha de a lo menos 1 iniciativa
OE6.4	Mellora da accesibilidade ó aluguer ou adquisición de vivenda no territorio.	Posta en marcha de proxectos financiados polo GDR ou de difusión ou cooperación	
OE6.5	Dotación e mellora das infraestruturas e servizos de telecomunicacións, accesibles para a veciñanza, especialmente en edificios públicos e de uso colectivo (bibliotecas, centros culturais, viveiros de empresas, centros sociais parroquiais, etc.)	Mellora da conectividade en a lo menos un local ou parroquia	

I. Plan de acción

A continuación recóllese o plan de acción, que inclúe o seguinte contido:

- Identificación das liñas estratéxicas e propostas de actuación.
- Identificación de proxectos cun impacto significativo nos obxectivos e liñas estratéxicas de actuación.
- Programación das actuacións propias de animación a realizar polo grupo.
- Plan de formación que inclúa unha planificación dos cursos.
- Plan de cooperación con outros GDR e entidades.

I.1. Liñas estratéxicas e medidas ou liñas de actuación

Liña estratéxica 1: Impulso e mellora da gobernanza

O GDR conseguiu no período 2014-2020 un importante incremento de participación social no GDR, no que se traduciu no incremento de asociacións pertencentes ó Grupo, este era un dos seus obxectivos estratéxicos que, se ben sempre é mellorable, considera cumprido.

Non obstante, a integración territorial do grupo en base ás súas condicións económicas e sociais e dende o punto de vista da homoxeneidade viuse comprometida pola actuación do GDR veciño Mariñas Betanzos, que incluíu nun territorio predominantemente urbano e costeiro ó Concello de Curtis, e posteriormente anexionou ó seu proxecto turístico ó concello de Sobrado, o que por unha parte impide aproveitar as sinerxías do Leader e o xeodestino e por outra esbarafusta a homoxeneidade do territorio, e rompe coas relacións naturais de Curtis cos seus concellos veciños.

O obxectivo e liña de actuación estratéxica neste novo período será a mellora cualitativa da participación social, por unha parte, e a recuperación do equilibrio territorial pola outra.

Medidas ou liñas de actuación:

M1.1: incrementar o número de asociacións xuvenís existentes no territorio mediante encontros e asesoramento para a creación destas asociacións.

Tipo de medida: difusión

M1.2: Mellorar as relacións cos concellos de Curtis e Sobrado a través da participación en actividades conxuntas, reunións e accións de divulgación da labor do GDR nestes concellos.

Tipo de medida: difusión

M1.3: Establecemento da cota feminina na composición da xunta directiva. Acordo que será proposto á Asemblea Xeral na reunión previa ás eleccións a xunta directiva.

Tipo de medida: funcionamento interno

M1.4: Proposta dun grupo de traballo conxunto con Agader para a redución da burocracia e a simplificación da tramitación, que redunde na redución dos prazos de resolución das axudas mediante a introdución de novos sistemas máis sinxelos.

Tipo de medida: funcionamento interno.

M1.5: promoción e difusión dos logros do Leader a través de medios de comunicación e persoeiros de relevancia cultural, social ou política a nivel autonómico, estatal e europeo, que redunden na implicación das institucións públicas a través dun incremento do orzamento Leader, actualmente baixo mínimos en Galicia.

Tipo de medida: cooperación

M1.6 promoción e difusión do Leader dentro do territorio a través do Programa radiofónico Espazo Leader en Radio Melide, que cumpre xa 12 anos de emisión, as entrevistas regulares en Radio Arzúa, a distribución dunha memoria anual de actividades entre os principais axentes do territorio, e relacións fluídas e constantes cos medios de prensa escrita locais e autonómicos.

Tipo de medida: difusión

M1.7 puntuación no baremo específica a proxectos promovidos por asociacións xuvenís ou de mulleres

Tipo de medida: regulación interna. Baremo

Liña estratéxica 2: mellora na produción e venda dos produtos locais

O GDR ten unha forte liña de traballo dende os seus inicios como potenciador dos recursos endóxeos, entre os que destacan os agroalimentarios. Cada ano lévanse a cabo actuacións para valorizalos e mellorar a súa comercialización. Destacan o queixo D.O.P. Arzúa-Ulloa e a repostería tradicional de Melide, pero hai moitos máis. O novo período debe servir para dalos a coñecer a tódolos peregrinos que nos visitan. Por outra banda, tamén os produtos

de arte e artesanía deben ter o seu espazo, e esta será unha das liñas estratéxicas fundamentais no Leader 2023-2027.

M2.1 fomento dos produtos lácteos a través da financiación de proxectos que poñan en marcha novas producións (xeados, manteiga, requeixo etc.)

Tipo de medida: subvención a proxectos produtivos

M2.2 fomento da comercialización dos produtos agroalimentarios e artesanais mediante puntos de venda en negocios de hostalaría e comercio ou na apertura de novos comercios especializados

Tipo de medida: subvención a proxectos produtivos

M2.3 Fomento da comercialización de produtos locais, especialmente o queixo D.O.P. Arzua-Ulloa e de tempada, especialmente ecolóxicos, en comedores comunitarios como escolas ou residencias.

Tipo de medida: cooperación

M2.4 fomento da marca Manxares, creada polo GDR no 2012 para a promoción dos produtos agroalimentarios do territorio, a través da elaboración de material promocional, a organización de degustacións e eventos e a participación en feiras e actividades doutros territorios.

Tipo de medida: difusión

M2.5 promoción do uso das ferramentas da lei da recuperación da terra agraria, a través de subvención a proxectos desta tipoloxía, implantados en aldeas modelos ou polígonos agroforestais

Tipo de medida: priorización de proxectos produtivos e non produtivos

M2.6 potenciación dos produtos agroalimentarios, os circuitos curtos de comercialización e das ferramentas da lei de recuperación de terra agraria mediante puntos específicos no baremo

Tipo de medida: puntuación no baremo

M2.7 Formación para a diversificación no sector forestal en usos alternativos do monte como a apicultura, as plantas medicinais ou aromáticas, froiteiras etc. seguindo coa liña básica do GDR neste sentido, posta en marcha no 2012.

M2.8: Creación de galerías de arte no Camiño de Santiago e de puntos de venda de artesanía local, destacando o coiro en Arzúa.

Tipo de medida: subvención de proxectos produtivos

Liña estratéxica 3: Fomento do cicloturismo e consolidación do destino turístico e a marca Camiños de Auga

M3.1 Posta en marcha da ruta cicloturista do Ulla dende o nacemento ata a desembocadura: deseño do percorrido, da sinalización e obra civil para a posta en marcha.

Tipo de medida: cooperación

M3.2 promoción do cicloturismo no territorio a través da promoción turística, nacional e internacional

Tipo de medida: difusión

M3.3 Subvención de espazos de servizo ó ciclista dentro dos negocios turísticos e dos espazos públicos, como puntos de lavado ou de gardado de bicicletas e creación doutro tipo de negocios de venda, reparación e transporte de bicicletas

Tipo de medida: subvención de proxectos produtivos e non produtivos

M19 Fomento do uso da bicicleta na peregrinaxe a Santiago a través da ruta do Eurovelo. Fomento e difusión desta ruta internacional e contacto cos amigos da bicicleta que xestionan a páxina da ruta do holandés.

Tipo de medida: cooperación

M3.4 Consolidación do destino turístico Camiños de Auga e introdución dun ámbito específico para os cicloturistas dentro da promoción. Faranse campañas anuais de promoción do destino.

Tipo de medida: difusión

M3.5 Mellora da calidade dos servizos hoteleiros coa creación de hoteis de 4 e 5 estrelas, restrinxindo as axudas a outros establecementos, sobre todo no Camiño de Santiago, que incrementou a oferta exponencialmente nos últimos anos.

Tipo de medida: subvención a proxectos produtivos

M3.6 límite máximo ás axudas á creación do aloxamento, evitando un sangrado de recursos do Leader cara proxectos de aloxamento de pequena envergadura en lugares onde a oferta medra por si sola sen necesidade de axudas públicas, e restrición, mediante importes máis pequenos de axuda, á proliferación de cabanas e pequenas construcións de materiais non perdurables, priorizando a arquitectura tradicional galega.

Tipo de medida: puntos no baremo

M3.7 Promoción dos recursos turísticos a través do coñecemento por parte da poboación local a través da formación en interpretación do patrimonio especialmente dirixida a propietarios de negocios turísticos.

Tipo de medida: formación

Liña estratéxica 4: medio ambiente: mellora da calidade da auga dos ríos e acuíferos, adaptación ó cambio climático e redución da contaminación

A recuperación de masa arbórea autóctona será unha das prioridades absolutas do GDR neste novo período. As noticias alarmantes sobre o cambio climático, a seca e as olas de calor deben converterse nunha prioridade por canto en Europa a maior parte das políticas están centradas na sostenibilidade ambiental, e, non obstante, a nivel local aínda non hai unha conciencia clara entre os gobernos das entidades locais ou os movementos asociativos para destinar recursos a recuperar unha biodiversidade que nos permita facer fronte ós tempos que se avexían.

M4.1 fomento das asociacións de custodia do territorio e facilidades para o acceso ós recursos do Leader para poñer en marcha proxectos de recuperación ou protección de espazos por parte destas asociacións

Tipo de medida: subvencións a proxectos non produtivos

M4.2 prioridade no baremo para proxectos de intervención no medio natural que recuperen bosques autóctonos, especialmente de ribeira, tanto por parte de entidades públicas como privadas.

Tipo de medida: baremo

M4.3 puntuación específica para plantacións de árbores de ribeira, bosques autóctonos ou creación de zonas de sombra nas vilas

Tipo de medida: baremo

M4.4 apoio administrativo e nos trámites ás asociacións de custodia do territorio que queiran constituírse.

Tipo de medida: difusión

M4.5 Intervencións directa por parte do GDR para a recuperación de bosque de ribeira e a creación de illas climáticas nas vilas

Tipo de medida: difusión

M4.6 busca de solucións innovadoras que por unha banda melloren a recuperación do bosque autóctono e por outro conciencien á poboación local, especialmente a aqueles sectores en contacto co monte e cos ríos (gandeiros, pescadores, cazadores) da importancia de reservar un espáceo para o bosque autóctono a fin de facer fronte ó cambio climático e protexer a auga de ríos, fontes e regatos.

Tipo de medida: cooperación

M4.7 Estudos e posta en marcha de medidas innovadoras para reducir o impacto das olas de calor nas vilas e aldeas

Tipo de medida: subvención a proxectos non produtivos

M4.8 Posta en marcha de proxectos que reduzan a contaminación, ben coa diminución de uso de recursos, de xeración de residuos ou emisión de gases, coa redución no uso da auga, a eliminación dos plásticos nos embalaxes e calquera outra práctica sustentable que mellore o proceso produtivo. Tamén a reciclaxe in situ ou nas proximidades do lugar onde se xeran os recursos e a compostaxe.

Tipo de medida: subvención proxectos produtivos e non produtivos

Liña estratéxica 5: Mellora da calidade de vida: emprego, coñecemento, innovación e dixitalización

Algúns dos nosos concellos teñen unhas das rendas per capita máis baixas de España, sendo noticia nos medios anualmente por elo. Por iso unha das prioridades do GDR debe ser fomentar aqueles proxectos liderados e desenvolvidos por persoas cualificadas, traballos de alto valor engadido e a transferencia de coñecemento dende as universidades e os centros tecnolóxicos.

M5.1 Apoio ás iniciativas que contribúan a incrementar a renda media mediante a creación de postos de traballo cualificados, con salarios superiores á media galega.

Tipo de medida: puntos no baremo

M5.2 Apoio á creación de iniciativas que poñan en marcha servizos e comercio que non existan a nivel municipal, diversificando así o abano de servizos no medio rural

Tipo de medida: subvención de proxectos produtivos

M5.3 Fomento da transferencia do coñecemento dende as universidades e centros tecnolóxicos

Tipo de medida: difusión

M5.4 fomento da innovación tecnolóxica e a introdución de maquinaria moderna e punteira nas empresas, principalmente industria, que redunden nunha maior produtividade e un custe ambiental menor

Tipo de medida: subvención de proxectos produtivos

M5.4 Fomento da creación de pequenos negocios con alta demanda na actualidade correspondente coa formación profesional sobre todo no ámbito da reforma, a saúde e a conciliación-

Tipo de medida. Formación

M5.5 Fomento daquelas iniciativas que melloran as opcións de mozos e mozas de dedicarse a aquilo para o que teñen vocación sen saír do seu entorno rural, poñendo en marcha iniciativas emprendedoras ou de comercialización das súas creacións artísticas, musicais, deportivas...

Tipo de medida: subvención a proxectos produtivos

M5.6 asesoramento e acompañamento nos trámites administrativos, especialmente para aquelas persoas que emprenden por primeira vez e que se ven limitados polas trabas burocráticas e os dilatados tempos de espera. Pode implementarse un grupo de traballo conxunto coa administración.

Tipo de medida: difusión

Liña estratéxica 6: Mellora dos servizos e infraestruturas locais

Un dos principais motivos da perda de fondos do Leader no GDR neste anterior período debeuse a ineficiencia na asignación dos recursos a proxectos non produtivos que, ou ben non chegaron a executarse, ou ben non se puxeron en marcha satisfactoriamente tras a execución ou o fixeron dunha maneira que as infraestruturas creadas quedaron infrutilizadas. Dado que é primordial crear servizos de benestar á poboación e mantelos nas mellores condicións posibles, é preciso incrementar as esixencias antes da aprobación do plan de xestión, que debe ser máis claro, conciso e concreto con respecto a horarios de apertura, persoal de atención dos servizos creados e calidade das actividades que se ofrecen neles. Tamén Agader debe incrementar e mellorar os controis a posteriori e establecer un sistema de controis que non choque cos conflitos de interese que se xeran entre o equipo técnico do GDR e os membros da xunta directiva.

Por outra banda, de forma intensiva e recorrente, saíron durante o proceso participativo tres debilidades do territorio a corrixir: a falta dunha oferta cultural e de ocio que satisfaga as necesidades da poboación xuvenil, dende a entrada na adolescencia e ata que empezan no mercado laboral, a mobilidade e a dispoñibilidade de vivenda.

Por todo isto, as medidas nesta liña estratéxica están orientadas a mellorar a calidade dos servizos que se creen a través do Leader e a mellorar a vida da xuventude, principalmente.

M6.1 Esixencia de especificar o horario de apertura e a persoa física ou xurídica encargada de atender os servizos creados polo Leader, así como a súa competencia e formación específica para elo.

Tipo de medida: funcionamento interno. ICE favorable.

M6.2 Puntuación no baremo para melloras cualitativas nos proxectos non produtivos, dirixidos a profesionalizar as actividades que se ofertan e ampliar o horario de atención ó público.

Tipo de medida: baremo

M6.3 Puntuación no baremo para aquelas iniciativas dirixidas especificamente á xuventude ou ben promovidas por asociación formadas principalmente por xuventude.

Tipo de medida: puntuación no baremo

M6.4 Puntuación no baremo e prioridade alta para proxectos que teñan por obxecto mellorar a mobilidade, a dispoñibilidade de vivenda ou a mellora da conectividade da poboación rural.

Tipo de medida: baremo

M6.5 Fomento e organización de actividades dirixidas especificamente a poboación xuvenil, que melloren as súas competencias e posibilidades de socialización

Tipo de medida: difusión

M6.6 Deseño e busca de novos modelos de mobilidade intelixente que usen as aplicacións móbiles, sistemas de transporte compartido, colaboración cidadá e outros proxectos de mobilidade sostible.

Tipo de medida: cooperación

M6.7 Elaboración dun catálogo de recursos infrautilizados que poidan servir para mellorar a dispoñibilidade de vivenda ou locais, coa finalidade de simplificar as relacións entre particulares e reducir a burocracia administrativa necesaria para instalarse no rural, ben para vivir ou para emprender.

Tipo de medida: difusión

I.2. Proxectos e accións específicas con impacto significativo

En función dos obxectivos xerais e específicos concretados como estratéxicos, planifícase a execución de diversos proxectos con impacto significativo no territorio, en base ós mesmos.

P1. Posta en marcha de asociación xuvenil no territorio, que involucre a este colectivo e poña en marcha accións de intercambio cultural para o enriquecemento da vida local.

Obxectivo Xeral: Impulso da gobernanza local, da integridade territorial do Ulla Tambre Mandeo e do papel da asociación como entidade protagonista do desenvolvemento rural.

Obxectivo Específico: Dinamización do movemento asociativo da mocidade no territorio e da implicación deste colectivo no desenvolvemento local do mesmo.

Tipo de proxecto ou acción: animación / funcionamento

Produtivo/Non Produtivo: Non produtivo

Trátase de establecer contacto coa mocidade local, captar o seu interese mediante accións de animación e intercambio para conseguir implicalos no desenvolvemento local e no movemento asociativo. O GDR colaborará activamente nas tarefas de constitución e despegue da mesma.

P2. Candidatura a recoñecemento europeo para a divulgación do traballo e labor do GDR e do Leader no territorio (Premios de Inspiración Rural).

Obxectivo Xeral: Impulso da gobernanza local, da integridade territorial do Ulla Tambre Mandeo e do papel da asociación como entidade protagonista do desenvolvemento rural.

Obxectivo Específico: Poñer en valor a labor e contribución de 30 anos Leader no territorio a través da busca do recoñecemento debido.

Tipo de proxecto ou acción: animación / funcionamento

Produtivo/Non Produtivo: Non produtivo

Trátase de buscar a excelencia tanto nos proxectos propios, por exemplo a Ruta Cicloturista do Ulla, como nos promovidos por entidades no territorio a través das medidas de financiamento de proxectos; de xeito que, de cara ó final do programa, sexa posible optar coa iniciativa a algún premio de índole internacional, por exemplo, os Premios Europeos de Inspiración Rural, que sirvan de recoñecemento específico á labor do GDR.

P3. Iniciativa empresarial de valorización e/ou transformación do leite.

Obxectivo Xeral: Dinamización produtiva e económica do sector primario local, en especial, do sector lácteo.

Obxectivo Específico: Incremento do valor engadido dos produtos lácteos da man da diferenciación dos mesmos con marca propia, da incorporación dos mesmos a sistemas de calidade, ou da elaboración de novos produtos a través da transformación.

Tipo de proxecto ou acción: Outras accións específicas. Proxecto subvencionable

Produtivo/Non Produtivo: Produtivo

Búscase co financiamento de proxectos destas características avanzar na estruturación do sector lácteo con explotacións ou empresas que comercialicen produtos con valor engadido e, a través de circuitos curtos de comercialización, mellorando a economía local.

P4. Explotación de produtos agrarios con certificación ecolóxica.

Obxectivo Xeral: Dinamización produtiva e económica do sector primario local, en especial, do sector lácteo.

Obxectivo Específico: Cambio do sector agrario local cara prácticas sustentables co medio ambiente.

Tipo de proxecto ou acción: Outras accións específicas. Proxecto subvencionable

Produtivo/Non Produtivo: Produtivo

Co financiamento dun proxecto de produción agraria ecolóxica avánzase na consolidación dun sector agrario máis respectuoso co medio, cun maior valor engadido do produto e coa mellora na protección dos recursos naturais.

P5. Novo espazo para a promoción e valorización da produción agroalimentaria local e dos seus elaboradores

Obxectivo Xeral: Dinamización produtiva e económica do sector primario local, en especial, do sector lácteo.

Obxectivo Específico: Instauración dos circuitos curtos de comercialización no eido dos produtos agroalimentarios locais

Tipo de proxecto ou acción: Outras accións específicas. Proxecto subvencionable

Produtivo/Non Produtivo: Non Produtivo

Iniciativa non produtiva que ten por obxecto facilitar un espazo debidamente habilitado para a elaboración e comercialización dos produtores agroalimentarios locais, incluídos, todos

aqueles que contan con excedentes e queiran comercializalos. Pode tratarse dun obradoiro comunitario, da habilitación dunha lonxa para a comercialización de produtos, etc.

P6. Plantación forestal de árbores autóctonas dedicada á obtención de produtos agroforestais (froito, fungos, etc.).

Obxectivo Xeral: Dinamización produtiva e económica do sector primario local, en especial, do sector lácteo.

Obxectivo Específico: Diversificación dos aproveitamentos forestais do territorio tanto no eido madeireiro como para a obtención de outros aproveitamentos distintos.

Tipo de proxecto ou acción: Outras accións específicas. Proxecto subvencionable

Produtivo/Non Produtivo: Produtivo

Iniciativa produtiva á obtención de produtos agroforestais da man do aproveitamento de especies forestais autóctonas, incidindo na valorización destas especies, na consecución dun monte produtivo e dun monte biodiverso.

P7. Posta en marcha dun negocio de aloxamento na Ruta do Holandés ou no Eurovelo 3.

Obxectivo Xeral: Consolidación do territorio Ulla Tambre Mandeo como destino turístico de natureza, cultura e patrimonio.

Obxectivo Específico: Incremento da calidade nos servizos turísticos locais e creación de novos servizos turísticos que estruturen a oferta para a captación de visitantes.

Tipo de proxecto ou acción: Outras accións específicas. Proxecto subvencionable

Produtivo/Non Produtivo: Produtivo

Iniciativa empresarial que dote de servizo de aloxamento o novo produto turístico en desenvolvemento co que conta o territorio, o Eurovelo 3, e contribúa a mellorar a oferta nun produto similar xa consolidado para un segmento específico de turismo, a Ruta do Holandés, utilizada por cicloturistas oriúndos dos Países Baixos.

P8. Posta en marcha dunha iniciativa de promoción do río Ulla así como das principais rutas cicloturistas arredor do mesmo (Eurovelo 3, Ruta do Holandés e Gran Ruta Cicloturista do Ulla)

Obxectivo Xeral: Consolidación do territorio Ulla Tambre Mandeo como destino turístico de natureza, cultura e patrimonio.

Obxectivo Específico: Inclusión do Ulla Tambre Mandeo nos circuitos nacionais e internacionais como destino cicloturista a través da promoción e dotación de coñecemento, infraestruturas e servizos na Ruta Cicloturista do Ulla, no Eurovelo 3 e na Ruta do Holandés.

Tipo de proxecto ou acción: Outras accións específicas. Proxecto subvencionable

Produtivo/Non Produtivo: Non Produtivo

Proxecto municipal dedicado á promoción do Ulla como recurso turístico así como ás rutas arredor del, coa habilitación dun punto de atención ó cicloturista.

P9. Posta en marcha da Gran Ruta Cicloturista do Ulla, deseñada polo GDR.

Obxectivo Xeral: Consolidación do territorio Ulla Tambre Mandeo como destino turístico de natureza, cultura e patrimonio.

Obxectivo Específico: Inclusión do Ulla Tambre Mandeo nos circuitos nacionais e internacionais como destino cicloturista a través da promoción e dotación de coñecemento, infraestruturas e servizos na Ruta Cicloturista do Ulla, no Eurovelo 3 e na Ruta do Holandés.

Tipo de proxecto ou acción: Cooperación

Produtivo/Non Produtivo: Non Produtivo

Proxecto de cooperación promovido polo Ulla Tambre Mandeo dedicado á posta en marcha da Gran Ruta Cicloturista polo Ulla, desde o nacemento á desembocadura, coa participación do resto de GDRs implicados: deseño definitivo, sinalización, promoción e divulgación.

P10. Empresa de servizos turísticos complementarios: deportivos (náuticos ou non), de aventura, de natureza, de interpretación do patrimonio, etc.

Obxectivo Xeral: Consolidación do territorio Ulla Tambre Mandeo como destino turístico de natureza, cultura e patrimonio.

Obxectivo Específico: Incremento da calidade nos servizos turísticos locais e creación de novos servizos turísticos que estruturen a oferta para a captación de visitantes.

Tipo de proxecto ou acción: Outras accións específicas. Proxecto subvencionable

Produtivo/Non Produtivo: Produtivo

Posta en marcha de iniciativa empresarial que incremente a oferta de servizos turísticos para o incremento do atractivo do destino e a estruturación da oferta, da man da colaboración cos negocios de aloxamento locais.

P11. Recuperación de bosque de ribeira, en zonas especialmente degradadas.

Obxectivo Xeral: Conservación e protección do medio natural local e dos seus recursos esenciais, en especial, a auga. Adaptación e mitigación do cambio climático e redución da contaminación.

Obxectivo Específico: Protección e coidado da biodiversidade, en especial, na ribeira do río, bosques de ribeira e fragas autóctonas

Tipo de proxecto ou acción: Animación / Proxecto subvencionable

Produtivo/Non Produtivo: Non Produtivo

Iniciativa non produtiva, que pode poñer en marcha o GDR a través de animación ou tamén coa subvención a un proxecto non produtivo da man dunha asociación de custodia do territorio, dedicada á recuperación de bosques de ribeira ou fragas autóctonas co obxectivo de conservar e protexer a biodiversidade do medio natural local.

P12. Creación de illa climática en núcleo de poboación (alameda, carballeira, paseo arborado, etc.)

Obxectivo Xeral: Conservación e protección do medio natural local e dos seus recursos esenciais, en especial, a auga. Adaptación e mitigación do cambio climático e redución da contaminación.

Obxectivo Específico: Incorporación da dimensión medioambiental na contorna urbana e núcleos de poboación para a adaptación e mitigación do cambio climático.

Tipo de proxecto ou acción: Outras accións específicas. Proxecto subvencionable

Produtivo/Non Produtivo: Non Produtivo

Proxecto non produtivo que teña por obxectivo a creación dunha illa climática nun núcleo de poboación coa habilitación dunha zona ou paseo arborado que incremente as zonas de sombra para a poboación local.

P13. Xornadas de visibilización dos proxectos de investigación tecnolóxica punteiros en Galicia aplicados á economía produtiva.

Obxectivo Xeral: Incremento da renda da poboación local e creación de emprego de calidade. Fortalecemento do tecido económico local a través da innovación, o coñecemento e a dixitalización.

Obxectivo Específico: Incorporación nas empresas locais de solucións innovadoras a partir da transferencia de coñecemento de centros investigadores.

Tipo de proxecto ou acción: Animación

Produtivo/Non Produtivo: Non Produtivo

Organización de xornadas de visibilización dos proxectos de investigación tecnolóxica punteiros en Galicia orientados ó empresariado local, tamén se incluírá a celebración da Xuntanza de empresariado Leader para o intercambio de experiencias e a xeración de sinerxías locais.

P14. Creación de centro de día municipal

Obxectivo Xeral: Mellora da calidade de vida e da capacidade de fixación de poboación da man da creación e ampliación de servizos e infraestruturas a nivel local.

Obxectivo Específico: Dotación e mellora dos servizos e infraestruturas de benestar e conciliación local.

Tipo de proxecto ou acción: Outras accións específicas / Subvención a proxectos

Produtivo/Non Produtivo: Non Produtivo

Posta en marcha dun novo centro de día para a atención de persoas dependentes que incremente a dotación de servizos de benestar local mellorando a capacidade de conciliación das familias e as oportunidades de acceder ó mercado laboral das persoas coidadoras.

P15. Creación de centro ocupacional para persoas con discapacidade

Obxectivo Xeral: Mellora da calidade de vida e da capacidade de fixación de poboación da man da creación e ampliación de servizos e infraestruturas a nivel local.

Obxectivo Específico: Dotación e mellora dos servizos e infraestruturas de benestar e conciliación local.

Tipo de proxecto ou acción: Outras accións específicas / Subvención a proxectos

Produtivo/Non Produtivo: Non Produtivo

Posta en marcha da ampliación do centro ocupacional de Amarai para o coidado e atención de persoas con discapacidade así como a súa integración social e laboral, favorecendo á vez a conciliación das familias coidadoras.

P16. Mapeo territorial para a identificación e difusión de bens desaproveitados ou sen uso: inmobles, parcelas, explotacións, etc.

Obxectivo Xeral: Mellora da calidade de vida e da capacidade de fixación de poboación da man da creación e ampliación de servizos e infraestruturas a nivel local.

Obxectivo Específico: Mellora na accesibilidade na vivenda do territorio.

Tipo de proxecto ou acción: Animación

Produtivo/Non Produtivo: Non Produtivo

Realización de mapeo territorial para a identificación e difusión de bens desaproveitados ou sen uso: inmobles, parcelas, explotacións, etc. Os resultados deste estudo de investigación difundiránse a través dunha ferramenta web na que se poderán cargar novos recursos polas persoas interesadas.

P17. Estudo sobre novas formas de mobilidade no territorio.

Obxectivo Xeral: Mellora da calidade de vida e da capacidade de fixación de poboación da man da creación e ampliación de servizos e infraestruturas a nivel local.

Obxectivo Específico: Mellora da mobilidade da poboación local.

Tipo de proxecto ou acción: Animación

Produtivo/Non Produtivo: Non Produtivo

Realización de estudo de investigación sobre novas formas de mobilidade no territorio, o estudo incluírá novas ferramentas neste eido así como posibles solucións para implementar polas entidades públicas locais co obxectivo de obter unha mellora da mobilidade local.

I.3. Actuacións propias de animación a realizar polo grupo

Táboa 4. Programación das actuacións propias de animación a realizar polo grupo

	Actuación	Contido das actividades previstas (destinatarios, recursos utilizados, formatos e canles, ...)
A1	Fomento e animación de asociacións xuvenís	Destinada á poboación de entre 12 e 25 anos, estas accións irán encamiñadas por unha banda a crear a inqueda de asociarse, mediante busca de intereses comúns, de ocio, culturais e deportivos, e por outra prestarase o asesoramento necesario para a posta en marcha de asociacións sen ánimo de lucro tanto dende o punto de vista burocrático como para a preparación das actividades no inicio e a busca de financiación. Recursos, canles e formatos: reunións, encontros, realización de actividades, formación en actividades culturais ou deportivas, grupos de wasap, redes dixitais, creación de comunidades, xornadas de intercambio. Primarase aquelas actividades que teñan como obxectivo a cultura, o deporte e a custodia do territorio. Anos 2 e 3 do programa.
A2	Promoción do Leader no territorio natural do GDR	

		Actividades de promoción da labor e logros do GDR dentro do territorio e en Curtis, resaltando todas aquelas características que o cohesionan, tamén dende o punto de vista turístico con Sobrado. Recursos, canles e formatos: cartelería, publicacións dixitais, reunións con persoeiros destacados do territorio, encontros de medios, colaboración cos GDR veciños. Ano 4 e 5 do programa
A3	Camiños de auga	Promoción turística do territorio, resaltando os valores gastronómicos, naturais e culturais, con especial atención ó cicloturismo. Recursos, canles e formatos: promoción on line dirixida fundamentalmente a España e Portugal. Tamén participación en feiras e eventos. Elaboración de material promocional en papel e dixital. Actualización da web turística do GDR Camiñosdeauga e das súas redes sociais. Creación dun Tik Tok ou outras redes que estean de “moda” Durante toda a vida do programa
A4	Manxares	Promoción da marca Manxares, que aglutina a tódolos produtos agroalimentarios do territorio, con especial fincapé no Queixo D.O.P. Arzúa Ulloa, a repostería tradicional de Melide, o mel e outros produtos que foron financiados polo Leader no seu inicio. Recursos, canles e formatos: Potenciarase a compra e consumo destes produtos no Camiño de Santiago e nas cidades próximas mediante accións de divulgación, degustacións e espazos de exposición e venda. Anos 3 a 5 do programa
A5	Ferramentas de recuperación da terra agraria	Divulgación entre as explotacións agrarias e gandeiras da zona das ferramentas que a lei de recuperación da terra agraria puxo en marcha e están disposición da poboación. Encontros con “neo-rurais” que buscan iniciar a súa andadura traballando a terra en actividades agrarias ou outras que precisen de unha base territorial. Recursos, canles e formatos: utilizaranse as cooperativas da zona para dar a coñecer as ferramentas, mediante charlas e divulgación do material da Consellería, faranse encontros e xornadas de divulgación e realizaranse contactos persoais con persoas vidas das cidades que se

		poñan en contacto cos concellos ou co mesmo GDR. Toda a vida do programa
A6	Custodia do territorio	Fomento da aparición de pequenas asociacións de custodia do territorio a nivel local, mesmo municipal ou parroquiais, que se encarguen da xestión dos espazos arborados da súa zona, protexendo os existentes e creando outros novos. Buscarán tamén financiamento e mecenazgo dentro de persoeiros relevantes e peregrinos. Recursos, canles e formatos: reunións con colectivos e asociacións sensibles á temática, fomento da custodia do territorio entre a poboación nova, implicación activa das entidades locais, organización de xornadas e encontros con outras entidades de custodia do territorio, intercambio, xornadas de plantación de árbores. O obxectivo será a plantación de 500.000 árbores autóctonas durante a vida do programa, entre as entidades de custodia do territorio, o GDR, os particulares e os concellos. Recursos, canles e formatos: xornadas, asesoramento, intercambio, charlas, xornadas de plantación, cartelería, redes, web do GDR, acompañamento por entidades expertas, visita a proxectos piloto e experiencias que tiveron éxito. Toda a vida do programa
A7	Redución da burocracia	Proxecto de colaboración no que se establecerán mesas de conciliación con asesoramento experto e que deberán contar coa participación de membros das entidades locais, o GDR, Agader e os solicitantes de axuda Leader. Ano 1 do programa
A8	Catálogo de recursos dispoñibles	Creación dun catálogo de vivendas baleiras e clasificación do seu estado e dispoñibilidade (se son alugables, ou se están a venda...), así como de outros locais e edificacións que poidan servir para o emprendemento. Este catálogo será promocionado e dado a coñecer entre a poboación rural e os posibles “neo-rurais.” Recursos, canles e formatos: encontros persoais coas persoas propietarias, con concellos e cos técnicos municipais para a elaboración do catálogo, posterior edición e publicación en internet e posta a disposición da poboación xunto cun servicio especializado de asesoramento urbanístico e de licencias. Toda a vida do programa

A9	Cicloturismo:	Promoción do destino como cicloturista a través do coñecemento dos recursos e rutas postas en marcha no período anterior. Recursos, canles e formatos: internet, material promocional, medios de comunicación, encontros e xornadas ciclistas. Toda a vida do programa xunto coa promoción de Camiños de Auga
A10	Espazo Leader en Radio Melide	Programa semanal en Radio Melide no que se realizan entrevistas, se da conta da actualidade do GDR e se anima a poboación a participar, ademais de informarse das axudas. O Espazo Leader, que conta xa con 12 anos de antigüidade, combínase con outras participacións en Radio Arzúa, e medios de prensa escritos locais e autonómicos.

I.4. Plan de formación do GDR

I.4.1 Diagnose do mercado laboral do territorio e relación coa estratexia do GDR

Da información analizada no estudo socioeconómico, no relativo ó mercado laboral do GDR Ulla Tambre Mandeo, extráense as seguintes conclusións:

1. A economía do Ulla Tambre Mandeo, como territorio eminentemente rural que é, pese a estar terciarizada ó igual que a galega, conta cunha importante base agraria; o que se ilustra tanto en termos de valor engadido bruto xerado como na cantidade de postos de traballos contabilizados, tanto se falamos dos contratos realizados como das afiliacións á Seguridade Social.
 - O número de contratos laborais no ano 2021 no eido do sector primario ascende a un total aproximado o 4% no caso galego, mentres que para o Ulla Tambre Mandeo esta cifra rolda o 6,5%.
 - Por outra banda, a escasa contía de contratos no eido do sector industrial ilustra o escaso desenvolvemento local deste sector, pese a que se atendemos unicamente ós datos do sector da construción, son lixeiramente superiores no territorio en comparación co caso galego. As empresas do sector industrial son poucas, maduras, concentradas polo xeral nos servizos auxiliares da construción e non intensivas no factor traballo. No ámbito económico e laboral, dentro do sector industrial, destaca en importancia a industria agroalimentaria asociada á elaboración de queixo baixo a D.O.P. Arzúa-Ulloa, se ben no caso de queixerías de gran volume de produción, estase asistindo a un proceso de automatización do proceso produtivo que leva a unha redución nos efectivos laborais necesarios.

- No eido do sector servizos, a maior parte dos contratos realízanse nos sector da hostalería e aloxamento, pola influencia do paso de tres trazados do Camiño de Santiago polo territorio; en especial, o Camiño Francés nos concellos de Melide, Arzúa e O Pino.
 - Se atendemos á formalización de contratos segundo o sexo da persoa empregada, das cifras derívase que, en xeral, o número de contratos a homes sempre é superior, agás no sector da hostalería e turismo onde se contratan máis mulleres (cociña, servizo de mesa, limpeza, etc.); un sector tradicionalmente máis estacional e peor pagado.
 - Por último, no ano 2021 e segundo datos do IGE, arredor do 76% do total dos contratos laborais asinados no UTM foron do tipo “de obra ou servizo” ou “eventual por circunstancias da produción”, é dicir, contratos temporais; mentres que para o caso galego esta porcentaxe ascende ó 80%. A “conversión a contrato indefinido” acadou no UTM case o 8% do total, mentres que no caso galego rolda o 5%.
2. En canto ó paro rexistrado no territorio, a evolución deste indicador no Ulla Tambre Mandeo segue a mesma estela que a do caso galego. Desta forma asistiuse a unha fase de destrución de emprego continua desde o ano 2007, en ambos casos, que presenta o seu máximo no UTM a mediados de 2012 cun 25% de desemprego e en Galicia a mediados do ano 2013 con preto do 22%. Desde estas datas, o paro rexistrado diminuíu en ambos casos de forma constante, agás no ano 2020 cun pequeno incremento por mor da pandemia COVID, ata chegar a cifras de paro no 2021 do 13,31% en Galicia e do 8,78% de media no UTM. Ademais,
- O paro xuvenil rolda o 4% do total, unha cifra moi parecida á media galega e provincial.
 - O paro de longa duración, é dicir, o referido a aquelas demandas de emprego de máis dun ano de duración, rolda o 52% do total, o cal tamén concorda coas cifras a nivel galego, pero que nos indica un certo paro estrutural continuo no eido local.
 - Se atendemos ás cifras do paro por sexos, o paro feminino rexistrado sitúase arredor do 60% do total rexistrado, unha constante desde o anterior estudo socioeconómico redactado no ano 2016.
3. Unha análise dos efectivos de emprego segundo o seu réxime de afiliación, permite constatar que a porcentaxe de persoas en réxime de autónomos no territorio do Ulla Tambre Mandeo é maior a media galega sendo as razóns varias: a maior atomización

das empresas, a ausencia de empresas do sector industrial pesado intensivas en factor traballo e a importancia do sector primario co seu gran número de pequenas explotacións agrarias.

As accións do plan formativo do GDR dirixíranse a aqueles sectores que están directamente vinculados cos recursos endóxenos do territorio, en especial, con aqueles que estean infra-utilizados, pouco explotados ou nos que sexa necesario e/ou aconsellable a formación para promocionar unha nova forma de facer as cousas (innovación), sobre todo, orientado a incorporar prácticas máis sostibles nos procesos produtivos dos sectores elixidos.

Os sectores prioritarios ós que se dirixirán as accións formativas do GDR serán:

Sector agrario

Tal e como se recolle no estudo socioeconómico o sector agrario no Ulla Tambre Mandeo está composto na súa gran maioría por explotacións de vacún de leite que venden directamente o produto, sen diferenciar nin transformar, a grandes empresas e cooperativas lácteas, as cales, xa coa súa marca a comercializan nas grandes distribuidoras de alimentación, comercializando tamén produtos lácteos a partir da transformación (iogures, queixo, sobremesas, etc.)

Nos últimos anos as explotacións lácteas do territorio medraron en tamaño e diminuíron en número, especialmente as de menor tamaño e as de subsistencia, levando a cabo un proceso que poderíamos denominar de “profesionalización” a partir da intensificación da produción (estabulado dos animais, control técnico dos celos, da calidade do leite, da composición da alimentación, etc.). As explotacións de leite en ecolóxico son case anecdóticas, e son minoritarias aquelas que usan o pastoreo para a alimentación do gando. O gran desenvolvemento do sector de vacún de leite supón para o territorio tamén unha extensa superficie agrícola dedicada á plantación e cultivo de forraxes para a alimentación animal (millo, herba, etc.), polo que outro tipo de cultivos hortícolas ou froiteiros quedan reducidos a pequenos espazos dedicados ó auto abastecemento.

Xa por último, están a incrementarse as explotacións de porcino así como as avícolas, en especial as dedicadas á produción de ovo, tratándose a maior parte delas de explotacións en réxime intensivo.

Sector forestal

No eido do sector forestal, a gran maioría dos empregos do Ulla Tambre Mandeo, tanto por conta allea como por conta propia, están directamente relacionados coa compra e corta de madeira de pequenos operadores e a súa posterior comercialización a grandes empresas, na súa gran maioría, de especies de crecemento rápido para celulosas e pastas ou chapas. Por outra banda, aínda teñen representación no territorio as pequenas empresas de fabricación de mobles e ebanisterías, se ben non presentan un gran crecemento pola competencia de grandes cadeas caracterizadas polo deseño e os baixos prezos. Pese á

gran superficie forestal e á existencia de monte en man común, son moi escasos os empregos relacionados coa explotación de madeira de calidade das frondosas ou con outros aproveitamentos forestais, xa sexa transformados ou non, como por exemplo: a castaña, os cogomelos, os froitos silvestres, resinas, etc.

O GDR Ulla Tambre Mandeo, a través da xestión do Leader, posibilitou a posta en marcha de pequenos proxectos nos últimos anos que poden ser exemplo de como diversificar as producións agrarias para a obtención de rendas complementarias e o aproveitamento agro forestal: arándos no Meire, en Melide, maceiras para sidra, en Boimorto, ou a plantación de camelias para té, en Santiso.

Sector agroalimentario

Un dos sectores que caracteriza o sector industrial local é o da industria agroalimentaria, relacionado co forte peso do sector primario local e a existencia da D.O.P Queixo Arzúa-Ulloa no territorio, o cal aínda ten potencial de desenvolvemento se atendemos á inxente produción de leite no territorio.

Sector turístico

O sector servizos no territorio está composto fundamentalmente polos sectores do comercio, na súa gran maioría polo miúdo, transporte e hostalería. Este último é o que máis emprego local acumula en base a dous factores principais: o transcurso do Camiño de Santiago Francés (gran número de aloxamentos de diversa tipoloxía, restaurantes e cafetería, servizos de atención ó peregrino, etc.) e o movemento de ocio nocturno na vila de Melide (pubs, discotecas, etc.).

O GDR Ulla Tambre Mandeo apostou desde o inicio da súa actividade pola promoción do destino turístico como fonte de riqueza e emprego, poñendo o foco tanto na natureza como no patrimonio cultural, verdadeiro atractivo do territorio. A pandemia COVID19, coa busca de destinos tranquilos e con beleza natural, así como a nova orientación cara un turismo responsable e sostible poden ser o punto de partida para a maior captación de turistas polo territorio, turistas que se caracterizan polo seu poder adquisitivo, o maior número de pernoctas e a súa busca por servizos de calidade. Relacionado tamén con isto, é importante prestar atención a un novo recurso turístico que se está a poñer en marcha no territorio, como é o Eurovelo 3; polo que se estima necesario dotar ós negocios locais de formación e ferramentas para a óptima atención do cicloturista.

Ademais, segue a ser necesaria a formación para incrementar a calidade na atención ó visitante, sobre todo ó estranxeiro e ó que busca unha atención personalizada, posto que moitos dos negocios están acomodados no turismo xa consolidado de peregrinación.

Entre os obxectivos estratéxicos xerais para a EDL 2023-2027 están os seguintes:

- Cambio do sector agrario cara prácticas sustentables co medio ambiente: recuperación de variedades tradicionais, certificación ecolóxica, permacultura, hidroponía, etc.
- Incremento do valor engadido dos produtos lácteos da man da diferenciación, da incorporación a sistemas de calidade ou da transformación.
- Diversificación dos aproveitamentos forestais a través das especies autóctonas, cultivos alternativos ou novos produtos transformados.
- Incremento da calidade nos servizos turísticos locais e creación de novos servizos turísticos que estruturen a oferta para a captación de visitantes.

Para o avance na consecución dos mesmos, inclúense no plan de formación as seguintes accións.

I.4.2 Plan de formación

Táboa 5. Plan de formación

SECTOR AGRARIO

F1. Agricultura ecolóxica e outras prácticas sostibles

Curso de agricultura ecolóxica e outras prácticas sostibles na agricultura	
Descrición	Trátase de formar ó alumnado na posta en marcha dunha horta ecolóxica así como noutras prácticas sustentables na explotacións (filtrado de augas a partir de plantas, etc.) Obxectivos: - inserción laboral das persoas formadas por conta allea, en empresas locais, ou por conta propia, coa posta en marcha dos coñecementos adquiridos. - cambio nas explotacións agrícolas da produción tradicional cara a produción sostible - posta en produción de parcelas infrautilizadas coa xeración de actividades agrícolas que as aproveiten - mellora na conservación da biodiversidade coa incorporación nas explotacións actuais e futuras das prácticas aprendidas
Formato	Formación teórico-práctica.
Duración	30 horas
Requisitos alumnado	1º Estar empadroadado dun dos nove concellos que compoñen o territorio do GDR Ulla Tambre Mandeo. 2º Formar parte da poboación activa: ter entre 16 e 65 anos e estar desempeñando un posto de traballo ou en busca activa do mesmo. Acreditarse con documentación calquera das dúas situacións.

Requisitos profesorado	1º Ser unha persoa maior de idade. 2º Non padecer enfermidade ou calquera outra característica que impida o normal desempeño das funcións docentes que lle corresponden. 3º Estar en condicións de incorporarse ó posto de traballo na data de inicio da actividade formativa ou naquela que se lle indique. 4º Comprometerse activamente no axeitado desenvolvemento do proxecto formativo, como medida activa no fomento do emprego. 5º Contar cun mínimo de 24 meses de experiencia profesional e/ou 12 meses de experiencia docente acreditables na materia ou temáticas das que trate a actividade formativa para as cales se efectuará a contratación. A acreditación desta experiencia deberá realizarse con carácter previo ó inicio da actividade formativa.
------------------------	--

F2. Emprendemento no sector agrario

Curso de emprendemento no sector agrario	
Descrición	Trátase de formar ó alumnado en todos os aspectos relevantes á hora de poñer en marcha unha actividade agrícola ou gandeira; de forma integral e personalizada a través dunha parte final de mentoring (lexislación, permisos, sanidade, requisitos específicos, comercialización, etc.) Obxectivos: - inserción laboral das persoas formadas por conta propia, coa posta en marcha de novos negocios a partir dos coñecementos adquiridos - posta en marcha de negocios e actividades produtivas no sector primario - posta en produción de parcelas agrícolas.
Formato	Formación teórica-mentoring.
Duración	30 horas
Requisitos alumnado	1º Estar empadroadado dun dos nove concellos que compoñen o territorio do GDR Ulla Tambre Mandeo. 2º Formar parte da poboación activa: ter entre 16 e 65 anos e estar desempeñando un posto de traballo ou en busca activa do mesmo. Acreditarase con documentación calquera das dúas situacións.

Requisitos profesorado	1º Ser unha persoa maior de idade. 2º Non padecer enfermidade ou calquera outra característica que impida o normal desempeño das funcións docentes que lle corresponden. 3º Estar en condicións de incorporarse ó posto de traballo na data de inicio da actividade formativa ou naquela que se lle indique. 4º Comprometerse activamente no axeitado desenvolvemento do proxecto formativo, como medida activa no fomento do emprego. 5º Contar cun mínimo de 24 meses de experiencia profesional e/ou 12 meses de experiencia docente acreditables na materia ou temáticas das que trate a actividade formativa para as cales se efectuará a contratación. A acreditación desta experiencia deberá realizarse con carácter previo ó inicio da actividade formativa.
------------------------	--

SECTOR FORESTAL

F3. Usos alternativos do monte

Curso de aproveitamentos alternativos do monte	
Descrición	Trátase de formar ó alumnado en producións agroforestais alternativas para a obtención de produtos como o froito, fungos, cortiza, etc. Obxectivos: - inserción laboral das persoas formadas por conta allea, en empresas locais, ou por conta propia, coa posta en marcha dos coñecementos adquiridos. - posta en produción de parcelas infrautilizadas coa xeración de actividades agroforestais que as aproveiten
Formato	Formación teórico-práctica.
Duración	30 horas
Requisitos alumnado	1º Estar empadroado dun dos nove concellos que compoñen o territorio do GDR Ulla Tambre Mandeo. 2º Formar parte da poboación activa: ter entre 16 e 65 anos e estar desempeñando un posto de traballo ou en busca activa do mesmo. Acreditarase con documentación calquera das dúas situacións.
Requisitos profesorado	1º Ser unha persoa maior de idade.

	2º Non padecer enfermidade ou calquera outra característica que impida o normal desempeño das funcións docentes que lle corresponden. 3º Estar en condicións de incorporarse ó posto de traballo na data de inicio da actividade formativa ou naquela que se lle indique. 4º Comprometerse activamente no axeitado desenvolvemento do proxecto formativo, como medida activa no fomento do emprego. 5º Contar cun mínimo de 24 meses de experiencia profesional e/ou 12 meses de experiencia docente acreditables na materia ou temáticas das que trate a actividade formativa para as cales se efectuará a contratación. A acreditación desta experiencia deberá realizarse con carácter previo ó inicio da actividade formativa.
--	--

SUBSECTOR AGROALIMENTARIO

F4. Elaboración de produtos lácteos

Curso de valorización do leite con transformación e comercialización en ecolóxico	
Descrición	Trátase de formar ó alumnado no proceso de transformación e comercialización do leite noutros produtos agroalimentarios ecolóxicos elaborados como: queixo, iogur, xeadado, nata, manteiga, etc. Obxectivos: - inserción laboral das persoas formadas por conta allea, en empresas locais, ou por conta propia, coa posta en marcha de novas industrias agroalimentarias a partir dos coñecementos adquiridos - posta en marcha de actividades complementarias de transformación en explotacións de vacún de leite convencionais co que poidan diversificar a actividade e mellorar a rendibilidade
Formato	Teórico-práctica.
Duración	25 horas
Requisitos alumnado	1º Estar empadroadado dun dos nove concellos que compoñen o territorio do GDR Ulla Tambre Mandeo. 2º Formar parte da poboación activa: ter entre 16 e 65 anos e estar desempeñando un posto de traballo ou en busca activa do mesmo. Acreditarse con documentación calquera das dúas situacións.

Requisitos profesorado	1º Ser unha persoa maior de idade. 2º Non padecer enfermidade ou calquera outra característica que impida o normal desempeño das funcións docentes que lle corresponden. 3º Estar en condicións de incorporarse ó posto de traballo na data de inicio da actividade formativa ou naquela que se lle indique. 4º Comprometerse activamente no axeitado desenvolvemento do proxecto formativo, como medida activa no fomento do emprego. 5º Contar cun mínimo de 24 meses de experiencia profesional e/ou 12 meses de experiencia docente acreditables na materia ou temáticas das que trate a actividade formativa para as cales se efectuará a contratación. A acreditación desta experiencia deberá realizarse con carácter previo ó inicio da actividade formativa.
------------------------	--

SUBSECTOR TURÍSTICO

F5. Atención ó cicloturista

Curso de atención ó cicloturista	
Descrición	Trátase de formar ó alumnado, principalmente empresas turísticas locais, así como a persoas desempregadas na atención de calidade ós cicloturistas Obxectivos: - inserción laboral das persoas formadas por conta propia, coa posta en marcha de novos negocios a partir dos coñecementos adquiridos así como por conta allea, nos negocios locais - incremento da calidade nos servizos turísticos locais - orientación dos negocios turísticos cara as novas orientacións do turismo (responsable, respectuoso, etc.)
Formato	Formación teórica – visita casos de éxito.
Duración	20 horas
Requisitos alumnado	1º Estar empadroadado dun dos nove concellos que compoñen o territorio do GDR Ulla Tambre Mandeo. 2º Formar parte da poboación activa: ter entre 16 e 65 anos e estar desempeñando un posto de traballo ou en busca

	activa do mesmo. Acreditarase con documentación calquera das dúas situacións.
Requisitos profesorado	1º Ser unha persoa maior de idade. 2º Non padecer enfermidade ou calquera outra característica que impida o normal desempeño das funcións docentes que lle corresponden. 3º Estar en condicións de incorporarse ó posto de traballo na data de inicio da actividade formativa ou naquela que se lle indique. 4º Comprometerse activamente no axeitado desenvolvemento do proxecto formativo, como medida activa no fomento do emprego. 5º Contar cun mínimo de 24 meses de experiencia profesional e/ou 12 meses de experiencia docente acreditables na materia ou temáticas das que trate a actividade formativa para as cales se efectuará a contratación. A acreditación desta experiencia deberá realizarse con carácter previo ó inicio da actividade formativa.

F6. Comercialización do destino turístico

Curso de comercialización do destino turístico	
Descrición	Trátase de formar ó alumnado na riqueza patrimonial e natural do destino turístico co obxectivo de mellorar a atención ó turista e visitante e o enriquecemento da súa visita. Obxectivos: - inserción laboral das persoas formadas por conta propia, coa posta en marcha de novos negocios a partir dos coñecementos adquiridos así como por conta allea, nos negocios locais - incremento da calidade nos servizos turísticos locais - orientación dos negocios turísticos cara as novas orientacións do turismo (responsable, respectuoso, etc.) - conseguir que as persoas do territorio se convertan en embaixadores do mesmo, acadando sinerxías na promoción territorial e incrementando o atractivo do destino.
Formato	Formación teórica-visita casos de éxito

Duración	20 horas
Requisitos alumnado	1º Estar empadroadado dun dos nove concellos que compoñen o territorio do GDR Ulla Tambre Mandeo. 2º Formar parte da poboación activa: ter entre 16 e 65 anos e estar desempeñando un posto de traballo ou en busca activa do mesmo. Acreditarase con documentación calquera das dúas situacións.
Requisitos profesorado	1º Ser unha persoa maior de idade. 2º Non padecer enfermidade ou calquera outra característica que impida o normal desempeño das funcións docentes que lle corresponden. 3º Estar en condicións de incorporarse ó posto de traballo na data de inicio da actividade formativa ou naquela que se lle indique. 4º Comprometerse activamente no axeitado desenvolvemento do proxecto formativo, como medida activa no fomento do emprego. 5º Contar cun mínimo de 24 meses de experiencia profesional e/ou 12 meses de experiencia docente acreditables na materia ou temáticas das que trate a actividade formativa para as cales se efectuará a contratación. A acreditación desta experiencia deberá realizarse con carácter previo ó inicio da actividade formativa.

I.5. Plan de cooperación e traballo en rede con outros GDR e entidades

O traballo en rede no período 2023-2027 estará coordinado pola figura da Asociación de GDRs de Galicia, entidade que aglutina ós vinte e catro grupos galegos e que, neste momento, xa se está a encargar de realizar as actividades conxuntas dos mesmos así como outras tarefas de promoción conxunta.

Tamén será moi importante a ferramentas das mesas de coordinación entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e os GDRs, instaurada no vixente Leader 2014-2020, a cal serviu para establecer unha comunicación eficaz entre as entidades involucradas así como para transmitir as necesidades e inquietudes no tocante á xestión do Leader. No que

ó obxectivo específico da EDL de “mellorar a eficacia e eficiencia do Leader” se refire, esta será a canle utilizada polo GDR para as súas suxestións e demandas, co fin de executar os fondos da mellor maneira posible.

OS GRUPOS DE TRABALLO FOCAIS

Unha das formas a través das cal se vai a colaborar no vindeiro Leader é a través dos Grupos de Traballo.

Os Grupos de Traballo son unha iniciativa de colaboración entre Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) de Galicia co espírito de coordinar as súas EDLP. Estrutúranse en catro temáticas específicas, segundo a táboa actualizada que se reflicte ao comezo deste documento. Estes grupos teñen como obxectivo abordar retos comúns e aproveitar oportunidades de desenvolvemento territorial nos territorios dos GDR participantes.

A través da cooperación e coordinación entre os GDR e outros axentes relevantes, os Grupos de Traballo buscan promover a reunión, formación, intercambio de coñecementos e a creación dunha rede de traballo en torno á temática elixida. O seu obxectivo principal é articular proxectos e accións que teñan un impacto positivo nos territorios rurais e traballar para a obtención de fondos que permitan o seu desenvolvemento.

O proceso de posta en marcha dos catro GT definidos previamente dividiuse en dúas fases. A primeira, consistente na definición do obxectivo deste GT, das súas temáticas, dos GDR que os forman e da metodoloxía a empregar para a súa posta en funcionamento, e que se dará por rematada coa entrega das EDLP a AGADER. A segunda fase, que consistirá na posta en marcha dos GT, se iniciará coa aprobación, se é o caso, das EDLP e se prolongará durante toda a implementación das estratexias.

PRIMEIRA FASE

Esta fase comezou durante a elaboración das EDLP e dáse por rematada o 10 de xullo de 2023, data final para a entrega das EDLP. Os traballos desenvoltoos durante esta fase levaron as seguintes premisas e conclusións:

1. Definición dos GT en base ás temáticas de interese para os GDR. Quedando constituídos como segue:
 - a. Grupo traballo: Auga e Enerxía. Cambio climático e innovación ambiental
 - b. Grupo Traballo: Recuperación de terras agrarias. Ferramentas para a xestión do territorio

- c. Grupo Trabajo: Produtos agrolimentarios. Potenciación do sector agropecuario
- d. Grupo Trabajo: Turismo en zonas rurais
- e. Grupo Trabajo: Innovación

2. Incorporación dos GDR aos GT, segundo os seus interese e de xeito voluntario. O GDR Ulla Tambre Mandeo forma parte do Grupo de Trabajo Auga e Enerxía. Cambio climático e innovación ambiental, coordinado polo GDR Limia Arnoia.

Os Grupos de Trabajo encargaranse de:

- A posta en marcha de proxectos cara á obtención de fondos para os territorios, máis alá do que nos posibilita o LEADER é un dos obxectivos principais destes Grupos de Trabajo.
- Reunirse, formarse, compartir e crear unha rede de traballo entre os GDR e con axentes das temáticas dos GT serán as principais liñas de traballo, co obxectivo de articular proxectos que teñan impacto nos territorios.

Por último, cabe salientar que a composición dos GT é aberta, polo que ao longo das estratexias poderán incorporarse GDR interesados nas súas temáticas. Do mesmo xeito, preténdese que os GT sexan dinámicos e operativos. Para iso, redactarase un regulamento de funcionamento co obxecto de crear as condicións de traballo máis axeitadas e xerar produtividade. Tamén se regulará a posible baixa dos GDR que non participen activamente no GT.

SEGUNDA FASE:

A partir da aprobación das EDLP por parte da AGADER, baixo un regulamento de réxime interno por definir, traballarase baixo a metodoloxía que se indica a continuación, coas seguintes consideracións:

- A metodoloxía de traballo que pretendemos desenvolver é un proceso aberto e vivo. Polo tanto acordase que se ao longo da implementación das estratexias, no caso de detectarse a necesidade de crear outros GT, os GDR interesados organizaranse en función dos seus intereses comúns.
- Así mesmo, se dentro dun GT actual se detecta a necesidade de crear subgrupos en beneficio da súa eficacia u eficiencia poderase e deberase constituír tales subgrupos.

1. Elaborar e aprobar un regulamento de uso interno para garantir o correcto funcionamento dos GT e a obtención dos seus obxectivos.

2. En base ás matrices DAFO de cada GDR, elaborárase unha relación de necesidades e potencialidades, en cada temática do GT, para resolver as debilidades, ameazas e/ou potenciar as fortalezas e oportunidades dos seus territorios. A continuación haberá que acordar e reflectir cales desas necesidades son de interese común para os diferentes territorios e, sobre elas, marcar prioridades. O punto de partida para este traballo pode ser o que manifestaron os diferentes GDR na reunión que se celebrou en Lalín o 6 de xuño do presente ano e que se reflicten neste documento ao final do mesmo.
3. Segundo a priorización de necesidades e pontencialidades haberá que marcar obxectivos xerais e obxectivos específicos dos GT.
4. Definir plan de acción e as correspondente liñas estratéxicas e indicadores para o seu seguimento e avaliación
5. Tamén será de interese Identificar os axentes e entidades de interese para os diferentes GT que, de maneira puntual, poidan participar co obxecto de formar, consultar, ou establecer colaboracións.

O GDR, e sen pecharse a ningunha posibilidade posterior, uniuse a varios dos proxectos de cooperación interterritorial, uns promovidos por REDER, e outros promovidos por outros grupos.

Estes proxectos poden servir de exemplo do tipo de colaboracións e dos temas que poderán levarse a cabo, pero se deixa aberto a outras colaboración que son de interese para o GDR, como son proxectos sobre os Itinerarios Culturais e o Camiño de Santiago; ou proxectos de cooperación transnacional con outros países da UE, como Portugal e Italia.

C1 Cicloturismo, Eurovelo 3, Ruta do Holandés e/ou Ruta do Ulla

C2 Economía Circular

C3 Dinamización da Xuventude e das mulleres

C4. Transporte e Mobilidade

C5 Custodia do territorio

Táboa 6. Plan de cooperación e traballo en rede

Proxecto	GDR ou entidades (**)	Obxectivos da cooperación	Forma de colaboración (***)	Accións concretas

C1.	GDR Canal de Castela	Promover o cicloturismo como unha forma sostible de turismo, fomentando o uso da bicicleta como medio de transporte respectuoso co medio ambiente.	Rede de alianzas	Creación dunha rede de rutas cicloturísticas que conecten os diferentes concellos e puntos de interese turístico, con diferentes niveis de dificultade para adaptarse a todo tipo de ciclistas.
	GDR Canal du Midi	Preservar e resaltar a beleza natural e cultural da zona, poñendo en valor o seu patrimonio histórico, gastronómico e natural.	Boas Prácticas	Mellora e sinalización das rutas existentes, así como a creación de infraestruturas axeitadas, como estacións de servizo para bicicletas, áreas de descanso e puntos de información turística.
	GDR entorno Ulla	Fomentar o desenvolvemento económico local a través do turismo sostible, creando oportunidades de emprego e apoiando aos emprendedores locais.		Colaboración coa restauración da zona, agricultores e produtores locais para promover o turismo gastronómico, incluíndo paradas en adegas, granxas e restaurantes que ofrezan produtos locais e tradicionais.
	GDR ruta do Holandés	Sensibilizar aos visitantes sobre a importancia da conservación do medio ambiente e da biodiversidade, promovendo prácticas respectuosas coa natureza durante o percorrido.		Organización de eventos e actividades relacionadas co cicloturismo, como carreiras, rutas guiadas, obradoiros de reparación de bicicletas e actividades de educación ambiental.
				Promoción de paquetes turísticos sostibles que inclúan aloxamento en establecementos ecolóxicos e opcións de transporte respectuosas co medio ambiente, como o uso de bicicletas eléctricas ou transporte público.
C2.	Seitura		Rede de Alianzas	
	GDR Pontevedra		Boas Prácticas	
	GDR País Vasco			
	GDR Navarra			

C3.	1 GDR galego interior	Involucrar a xuventude e ás mulleres rurais: fomentar a participación activa da mocidade na toma de decisións, facilitando espazos de encontro, diálogo e participación cidadá. Desenvolvemento de habilidades: ofrecer programas de formación, obradoiros e cursos que permitan á xuventude desenvolver habilidades transversais, como comunicación, liderado, traballo en equipo e emprendemento. Promoción da cultura e o patrimonio local: organizar eventos e actividades culturais, como exposicións, concertos, festivais e rutas culturais, que poñan en valor a riqueza patrimonial e cultural da zona. Emprendemento xuvenil: apoiar e acompañar a creación de proxectos emprendedores impulsados pola xuventude, ofrecendo asesoramento, formación e acceso a recursos financeiros. Oportunidades laborais: facilitar o acceso ás oportunidades laborais e profesionais para a mocidade, colaborando coas empresas e axencias de emprego locais para promover a inserción laboral. Participación en proxectos medioambientais: involucrar a xuventude en proxectos de conservación do medio ambiente e sostibilidade, promovendo a educación ambiental e a adopción de prácticas respectuosas co entorno natural. Promoción do deporte e o lecer activo: organizar actividades deportivas, como torneos, rutas de sendeirismo e campañas de promoción do deporte, co obxectivo de	Rede de Alianzas Intercambios	Obradoiros de formación e habilidades: obradoiros prácticos para a mocidade, nos que poidan aprender habilidades útiles para a súa vida persoal e profesional. Exemplos: obradoiros de comunicación, liderado, emprendemento, habilidades dixitais, márketing en redes sociais, xestión do tempo, etc. Programas de voluntariado: creación de programas de voluntariado nos que a mocidade poida participar e colaborar en proxectos comunitarios, sociais ou medioambientais. Isto permitirá que desenvolvan competencias, adquiran experiencia práctica e fomenten a solidariedade. Festivais culturais: organización de festivais culturais que poidan atraer á xuventude da zona e doutros lugares. Un festival de música, arte urbana, cine, teatro ou danza, no que se promova a participación da mocidade tanto como espectadores como artistas. Rutas e excursións: organización de rutas de sendeirismo ou excursións a lugares de interese na zona. Planificación de rutas pola natureza, visitas a patrimonio histórico e cultural, ou mesmo rutas gastronómicas para descubrir os sabores tradicionais da zona. Deportes e actividades ao aire libre: promoción da práctica de deportes e actividades ao aire libre entre a xuventude. Organización de torneos de fútbol, baloncesto ou voleibol, rutas de bicicleta, actividades acuáticas, escalada ou mesmo acampadas en contacto coa natureza. Cursos de emprendemento: organización de cursos ou obradoiros específicos sobre
	1 GDR País Vasco			
	1 GDR Francia			
	1 GDR Italia			

		fomentar un estilo de vida saudable activo entre a xuventude. Redes de colaboración: establecer vínculos e colaboracións con outras entidades e organizacións xuvenís, tanto a nivel local como a nivel rexional, nacional e internacional.		emprendemento e creación de proxectos empresariais. Formación en áreas como a elaboración de plans de negocio, financiamento, márketing ou xestión empresarial, co obxectivo de fomentar o espírito emprendedor na xuventude. Clubs e grupos de interese: animar a creación de clubs ou grupos de interese nos que a mocidade poida compartir e explorar as súas paixóns comúns. Exemplos: grupos de lectura, grupos de música, clubs de debate, grupos de fotografía, entre outros. Conferencias e charlas inspiradoras: organización de conferencias e charlas con persoas inspiradoras en diferentes campos. Isto permitirá á mocidade aprender de modelos a seguir e obter inspiración para os seus propios proxectos e metas. Intercambio xuvenil: fomentar os intercambios xuvenís coa colaboración de outras rexións, tanto nacionais como internacionais, que permitan á mocidade coñecer outras culturas, facer amizades e ampliar as súas perspectivas. Concursos e desafíos: organización de concursos e desafíos creativos, como concursos de fotografía, escritura, arte urbana ou deseño gráfico. Isto estimulará a creatividade e a participación activa da xuventude.
C4.T rans porte e Mobil idad e	1 GDR Castela e León		Rede de Alianzas	

	1 GDR Asturias 1 GDR Flandes 1 GDR Dinamarca		Boas Prácticas Intercambios	
C5. Custodia do territorio	GDR Cataluña GDR Dinamarca GDR Irlanda	Protección e coidado da biodiversidade, en especial, a contorna fluvial, bosques de ribeira e fragas autóctonas. Incorporación das prácticas sustentables medioambientalmente na arquitectura e no deseño dos espazos públicos mediante a creación de zonas arboradas	Rede de Alianzas Boas Prácticas Intercambios	Accións concretas Xornadas de intercambio de experiencias e coñecemento. Creación e consolidación de redes de custodia do territorio Busca de financiamento e proxectos europeos de recuperación de espazos naturais degradados Protección dos ríos mediante a recuperación da biodiversidade autóctona
C6. Ecocomedores	GDR 1 Terras de Miranda, GDR 2 Terra Chá, GDR 3 Montes e Vales Orientais, GDR 4 Comarca de Lugo, GDR 5 Miño-Ulla, GDR 10 A Limia Arnoia, GDR11 Adercou, GDR 13 Condado Paradant a, GDR14 EuRural. GDR 20 Ulla Tambre	A finalidade do proxecto é impulsar desde os Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) a incorporación de centros educativos ou outro tipo de centros comunitarios (residencias terceira idade, infancia, etc) nunha nova "Rede", que se chamará Rede Eco-Comedores, coa finalidade de que inclúan nos seus menús produto local, de tempada e/ou ecolóxico.	Rede de Alianzas Boas Prácticas Intercambios	Asesoramento nutricional aos centros adheridos Accións de sensibilización, formación e talleres Apoio na organización de xornadas de menú con produto local e/ou ecolóxico Información e comunicación Apoio ao sector produtor e mellora da loxística

Mandeo, GDR 21 Asdecom or, GDR 22 Costa da Morte, GDR 23 Mariñas- Betanzos (coordina dor), GDR 24 Seitura 22 GDR Ulla Tambre Mandeo GDR 21 Asdecom or, GDR 22 Costa da Morte, GDR 23 Mariñas- Betanzos, GDR 24 Seitura 22			
--	--	--	--

Plan de traballo detallado das primeiras iniciativas a poñer en marcha:

PROXECTOS

O GDR Ulla Tambre Mandeo contempla a execución dos proxectos que se relacionan a continuación, e que están relacionados coas liñas estratéxicas da súa EDLP, segundo o sinalado en parágrafos anteriores, o que permite fortalecer a implementación da súa estratexia, conxuntamente co acceso a boas prácticas varias, así como, sobre todo, da resolución conxunta de problemas específicos e compartidos con outros territorios.

En todo caso, o GDR Ulla Tambre Mandeo non se pecha á posibilidade de unirse a outros proxectos de cooperación interterritorial posteriores.

Segundo o exposto en apartados anteriores, o Plan de Cooperación do GDR Ulla Tambre Mandeo contempla proxectos de colaboración en catro dos seus ámbitos estratéxicos prioritarios: o turismo sostible, a valorización de residuos para o seu aproveitamento agrícola, a dinamización da xuventude e a mobilidade sostible.

Deste xeito, e considerando os catro ámbitos estratéxicos de interese para o establecemento de mecanismos de cooperación interterritorial por parte do GDR Ulla Tambre Mandeo fórmulanse os seguintes proxectos:

PROXECTO	OBXECTIVO ESTRATÉXICO
ACTIVATE XOVE	OE-1. Impulso da gobernanza local, da integridade territorial do Ulla Tambre Mandeo e do papel da asociación como entidade protagonista do desenvolvemento rural
CICLOULLA	OE-3. Consolidación do territorio Ulla Tambre Mandeo como destino turístico de natureza, cultura e patrimonio
COMPOSTA	OE-4. Conservación e protección do medio natural local e dos seus recursos esenciais, en especial, a auga. Adaptación e mitigación do cambio climático e redución da contaminación
MOBILITYHUBS	OE-5. Mellora da calidade de vida e da capacidade de fixación de poboación da man da creación e ampliación de servizos e infraestruturas a nivel local

A continuación, resúmese de xeito global estes proxectos, para logo realizar unha descrición detallada de cada un deles.

ACTIVIDADE DE COOPERACIÓN	GDR OU ENTIDADES	OBXECTIVOS COOPERACIÓN	DA	FORMA COLABORACIÓN	DE	ACCIÓNS CONCRETAS
ACTIVATE XOVE	- GDR Ulla Tambre Mandeo - GDR 5 Miño Ulla - GDR 16 Terras de Pontevedra Norte - Grupos de desenvolvemento rural de: - Italia - Francia	- Establecer redes de alianzas - Intercambios de experiencias - Involucrar axentes públicos e privados - Fomentar a innovación		Proxecto de Cooperación		- Obradoiros de formación - Programas de voluntariado - Actividades culturais e de lecer - Intercambios xuvenís
	- GDR Ulla Tambre Mandeo - GDR 19 Terras de Santiago - GDR 18 Deloa - GDR 5 Miño Ulla - GDR 16 Terras de Pontevedra Norte - GDR 17 Salnés, Ulla Umia - GDR Araduey Tierra de Campos Palentina - Grupos de desenvolvemento local do entorno do: - Canal du Midi (Francia) - Ruta do Mar do Norte (Países Baixos) - Ruta do Danubio	- Promoción conxunta - Involucra a axentes públicos e privados - Complementariedade entre proxectos - Transferencia de coñecementos e boas prácticas - Establecer redes de alianzas		Proxecto de Cooperación		- Creación da ruta(s) - Mellora da sinalización - Promoción turística conxunta - Involucrar aos recursos turísticos - Organización de eventos (rutas, carreiras populares, etc)

COMPOSTA	• GDR Ulla Tambre Mandeo • GDR 24 Seitura 22 • GDR 10 Limia – Arnoia • GDR 15 Pontevedra - Morrazo • GDR Jata – Ondo (Concello de Larrabetzu)	• Xerar masa crítica suficiente • Transferencia de coñecementos e boas prácticas • Establecer redes de alianzas • Involucrar a axentes públicos e privados • Intercambio de experiencias	Proxecto de Cooperación	• Obradoiros de formación en compostaxe • Conferencias de divulgación • Convenio entre concellos, grandes produtores e agricultores • Intercambio de experiencias
MOBILITYHUBS	• GDR Ulla Tambre Mandeo • GDR 19 Terras de Santiago • GDR 18 Deloa • GDR 5 Miño Ulla • GDR 16 Terras de Pontevedra Norte • GDR 17 Salnés, Ulla Umia • GDR 23 Mariñas Betanzos • Grupo de desenvolvemento rural en: ○ Groningen – Drenthe (Países Baixos) ○ Dinamarca ○ Donegal (Irlanda)	• Xerar masa crítica suficiente • Transferencia de coñecementos e boas prácticas • Fomentar a innovación • Involucrar a axentes públicos e privados	Proxecto de Cooperación	• Creación dos MobilityHubs • Convenios con empresas de transporte e outros axentes • Programas de voluntariado • Fomento da innovación en MaaS • Transferencia de boas prácticas • Intercambio de experiencias

ACTIVATE XOVE

O proxecto ACTIVATE XOVE que se describe a continuación pretende que mediante a cooperación con outros Grupos de Desenvolvemento Rural, a mocidade do GDR Ulla Tambre Mandeo intégrease dun xeito máis activo na organización e, ademais, poida acceder a experiencias de éxito noutros territorios.

• PROXECTO

ACTIVATE XOVE. MOCIDADE ACTIVA

DESCRICIÓN

O proxecto "Xuventude Activa UTM" busca dinamizar e involucrar a xuventude, proporcionándolle oportunidades de participación, crecemento persoal e desenvolvemento profesional, fomentando a súa implicación na comunidade local e promovendo un futuro sostible e próspero para a rexión.

- **Obradoiros de formación e habilidades:** obradoiros prácticos para a mocidade, nos que poidan aprender habilidades útiles para a súa vida persoal e profesional. Exemplos: obradoiros de comunicación, liderado, emprendemento, habilidades dixitais, márketing en redes sociais, xestión do tempo, etc.
- **Programas de voluntariado:** creación de programas de voluntariado nos que a mocidade poida participar e colaborar en proxectos comunitarios, sociais ou medioambientais. Isto permitirá que desenvolvan competencias, adquiran experiencia práctica e fomenten a solidariedade.
- **Festivais culturais:** organización de festivais culturais que poidan atraer á xuventude da zona e doutros lugares. Un festival de música, arte urbana, cine, teatro ou danza, no que se promova a participación da mocidade tanto como espectadores como artistas.
- **Rutas e excursións:** organización de rutas de sendeirismo ou excursións a lugares de interese na zona. Planificación de rutas pola natureza, visitas a patrimonio histórico e cultural, ou mesmo rutas gastronómicas para descubrir os sabores tradicionais da zona.
- **Deportes e actividades ao aire libre:** promoción da práctica de deportes e actividades ao aire libre entre a xuventude. Organización de torneos de fútbol, baloncesto ou voleibol, rutas de bicicleta, actividades acuáticas, escalada ou mesmo acampadas en contacto coa natureza.
- **Cursos de emprendemento:** organización de cursos ou obradoiros específicos sobre emprendemento e creación de proxectos empresariais. Formación en áreas como a elaboración de plans de negocio, financiamento, márketing ou xestión empresarial, co obxectivo de fomentar o espírito emprendedor na xuventude.
- **Clubs e grupos de interese:** animar a creación de clubs ou grupos de interese nos que a mocidade poida compartir e explorar as súas paixóns comúns. Exemplos: grupos de lectura, grupos de música, clubs de debate, grupos de fotografía, entre outros.
- **Conferencias e charlas inspiradoras:** organización de conferencias e charlas con persoas inspiradoras en diferentes campos. Isto permitirá á mocidade aprender de modelos a seguir e obter inspiración para os seus propios proxectos e metas.

-
- **Intercambio xuvenil:** fomentar os intercambios xuvenís coa colaboración de outras rexións, tanto nacionais como internacionais, que permitan á mocidade coñecer outras culturas, facer amizades e ampliar as súas perspectivas.
 - **Concursos e desafíos:** organización de concursos e desafíos creativos, como concursos de fotografía, escritura, arte urbana ou deseño gráfico. Isto estimulará a creatividade e a participación activa da xuventude.

ANTECEDENTES E EXPERIENCIAS PREVIAS

Os proxectos de dinamización da mocidade poden identificarse en multitude de organizacións, espazos e territorios específicos, con distintas orientacións, desde o fomento de uso de espazos e infraestruturas particulares ata o desenvolvemento de actividades, ben orientadas ao emprendemento e a empregabilidade como outras orientadas ao lecer, o deporte e a cultura.

Neste senso, a definición do proxecto ACTIVATE XOVE contempla a integración destas distintas orientacións, procurando facilitar a cada persoa xoven unha alternativa de actividades para o seu desenvolvemento.

OBXECTIVOS

- **Involucrar a xuventude:** fomentar a participación activa da mocidade na toma de decisións, facilitando espazos de encontro, diálogo e participación cidadá.
 - **Desenvolvemento de habilidades:** ofrecer programas de formación, obradoiros e cursos que permitan á xuventude desenvolver habilidades transversais, como comunicación, liderado, traballo en equipo e emprendemento.
 - **Promoción da cultura e o patrimonio local:** organizar eventos e actividades culturais, como exposicións, concertos, festivais e rutas culturais, que poñan en valor a riqueza patrimonial e cultural da zona.
 - **Emprendemento xuvenil:** apoiar e acompañar a creación de proxectos emprendedores impulsados pola xuventude, ofrecendo asesoramento, formación e acceso a recursos financeiros.
 - **Oportunidades laborais:** facilitar o acceso ás oportunidades laborais e profesionais para a mocidade, colaborando coas empresas e axencias de emprego locais para promover a inserción laboral.
 - **Participación en proxectos medioambientais:** involucrar a xuventude en proxectos de conservación do medio ambiente e sostibilidade, promovendo a educación ambiental e a adopción de prácticas respectuosas co entorno natural.
 - **Promoción do deporte e o lecer activo:** organizar actividades deportivas, como torneos, rutas de sendeirismo e campañas de promoción do deporte, co obxectivo de fomentar un estilo de vida saudable e activo entre a xuventude.
 - **Redes de colaboración:** establecer vínculos e colaboracións con outras entidades e organizacións xuvenís, tanto a nivel local como a nivel rexional, nacional e internacional.
-

TIPO DE COOPERACIÓN

O valor engadido da cooperación atopase no apoio ao desenvolvemento de actividades conxuntas e colaborativas entre os GDR coa finalidade de involucrar á mocidade, procurando que o movemento asociativo se active e que este colectivo se involucre no desenvolvemento local.

Ademais, esta cooperación procura que a mocidade entre en contacto con distintas situacións, aínda que semellantes, e poidan tanto acceder a experiencias de desenvolvemento local, en particular de emprendemento, así como establecer redes de colaboración propias.

POTENCIAIS BENEFICIARIOS

Os potenciais beneficiarios será a **mocidade** dos GDR participantes.

Indirectamente todo o tecido asociativo dos GDR participantes, asemade como o tecido económico pola posibilidade de aplicar experiencias innovadoras tras o seu coñecemento por parte da mocidade noutros territorios.

Considéranse como potenciais socios na cooperación os seguintes GDR e entidades:

- GDR Ulla Tambre Mandeo
 - GDR 5 Miño Ulla
 - GDR 16 Terras de Pontevedra Norte
 - Grupos de desenvolvemento rural de:
 - Italia
 - Francia
-

EFFECTOS NA CONSERVACIÓN E POSTA EN VALOR DO MEDIOAMBIENTE

O proxecto ACTIVATE XOVE non posúe unha orientación medioambiental específica, é dicir, non é un proxecto de cooperación de tipo ambiental, polo que os seus efectos na conservación e posta en valor do medioambiente hai que consideralos de xeito indirecto.

Neste senso, contemplase a realización de actividades de sensibilización ambiental, ademais de facilitar o acceso a experiencias de éxito en materia ambiental noutros territorios á mocidade do GDR Ulla Tambre Mandeo.

EFFECTOS NO MANTEMENTO DO EMPREGO

O proxecto ACTIVATE XOVE non está orientado a fomentar o emprego dun xeito directo, polo que os seus efectos han de considerarse de xeito indirecto e non é sinxelo a súa cuantificación.

Sen embargo, o proxecto contempla a realización de obradoiros e outras actividades que poden xerar coñecementos e habilidades na mocidade que permitan tanto o emprendemento como a consolidación dos seus empregos.

EFFECTOS NA DINAMIZACIÓN DO TECIDO PRODUTIVO DO TERRITORIO

O proxecto ACTIVATE XOVE non pretende a dinamización directa do tecido produtivo do territorio do GDR Ulla Tambre Mandeo, senón que procura que a mocidade se integre tanto na organización como que teña acceso a recursos e experiencias, así como a redes de colaboración propias.

Neste senso, a dinamización do tecido produtivo hai que considerala como un efecto positivo indirecto, xa que o coñecemento doutras experiencias e a mellora das habilidades pode fortalecer tanto o tecido produtivo como fomentar a innovación e a creación de novos servizos.

RESULTADOS ESPERADOS

- **Empoderamento da xuventude**, fortalecendo a súa voz e implicación na toma de decisións locais.
- **Desenvolvemento de habilidades e competencias transversais** que faciliten a inserción laboral e o emprendemento.
- **Promoción e valorización do patrimonio cultural e natural da zona**, reforzando a identidade e o orgullo local.
- **Creación de oportunidades de emprego e emprendemento para a xuventude**, contribuíndo ao desenvolvemento económico da rexión.
- **Fomento dun estilo de vida saudable e activo entre a mocidade**, promovendo o deporte e o lecer activo.
- **Sensibilización ambiental e participación en proxectos de conservación e sostibilidade**.
- **Consolidación de redes de colaboración e intercambio de experiencias entre organizacións xuvenís**.

INDICADORES DE RESULTADO DO PROXECTO

- **Obradoiros de formación e habilidades**
 - Taxa de participación: número de mozas e mozos que participan nos obradoiros en relación ao público obxectivo.
 - Valoración de satisfacción: feedback dos participantes sobre a calidade e relevancia dos contidos dos obradoiros.
 - Taxa de aplicación de habilidades aprendidas: porcentaxe de participantes que aplicaron as habilidades adquiridas na súa vida persoal ou profesional.
 - **Programas de voluntariado:**
 - Número de participantes: cantidade de mozas e mozos que se involucran nos programas de voluntariado.
 - Horas de servizo voluntario: total de horas de traballo voluntario realizadas pola mocidade.
 - Impacto social: avaliación do impacto dos proxectos comunitarios, sociais ou medioambientais realizados pola xuventude voluntarios.
 - **Festivais culturais:**
 - Número de participantes: cantidade de mozos que acoden aos festivais culturais.
 - Valoración de satisfacción: feedback dos participantes sobre a experiencia xeral do festival.
 - Participación de artistas mozos: porcentaxe de artistas mozos que participan no festival, tanto como espectadores como artistas.
 - **Rutas e excursións:**
 - Número de participantes: cantidade de mozas e mozos que participan nas rutas e excursións.
 - Valoración de satisfacción: feedback dos participantes sobre a experiencia da ruta ou excursión.
 - Descubrimento cultural: número de lugares de interese visitados ou aspectos culturais aprendidos durante as actividades.
 - **Deportes e actividades ao aire libre:**
 - Número de participantes: cantidade de mozas e mozos que participan nas actividades deportivas e ao aire libre.
-

-
- Taxa de frecuencia: frecuencia media de participación da xuventude nas actividades.
 - Mellora da condición física: avaliación do progreso individual dos participantes en termos de condición física e habilidades deportivas.
 - **Cursos de emprendemento:**
 - Número de participantes: cantidade de mozas e mozos que se inscriben e asisten aos cursos de emprendemento.
 - Taxa de finalización: porcentaxe de participantes que completan satisfactoriamente os cursos.
 - Crecemento empresarial: número de proxectos empresariais iniciados ou mellorados despois de completar os cursos.
 - **Clubs e grupos de interese:**
 - Número de clubs e grupos: cantidade de clubs e grupos de interese creados polos mozos.
 - Participación activa: grao de participación e implicación da xuventude nos clubs e grupos.
 - Producción de contido: número de actividades, eventos ou proxectos realizados polos clubs e grupos.
 - **Conferencias e charlas inspiradoras:**
 - Número de eventos: cantidade de conferencias e charlas inspiradoras organizadas.
 - Participación: cantidade de mozas e mozos que asisten aos eventos.
 - Avaliación de satisfacción: feedback dos asistentes sobre a calidade e relevancia das conferencias e charlas.
 - **Intercambio xuvenil:**
 - Número de intercambios: cantidade de intercambios xuvenís realizados con outras rexións.
 - Participantes implicados: cantidade de mozas e mozos que participan nos intercambios.
 - Ampliación de perspectivas: avaliación do impacto dos intercambios na visión e comprensión das outras culturas por parte da mocidade.
 - **Concursos e desafíos:**
 - Número de participantes: cantidade de mozas e mozos que se inscriben nos concursos e desafíos creativos.
 - Calidade das propostas: avaliación da calidade e creatividade das obras presentadas.
 - Participación activa: grao de implicación e participación da xuventude nos concursos e desafíos.
-

CICLOULLA. RUTA CICLOTURÍSTICA POLO RÍO ULLA

O proxecto “CICLOULLA. Ruta Cicloturística polo Río Ulla” busca promover o turismo sostible a través do cicloturismo, aproveitando a rica natureza e valor ambiental do Río Ulla e a cultura local para ofrecer aos visitantes unha experiencia única como destino cicloturista.

• PROXECTO

CICLOULLA. RUTA CICLOTURÍSTICA DO RÍO ULLA

DESCRICIÓN

O proxecto CICLOULLA ten por obxecto a creación dunha ruta cicloturística ao longo do percorrido do Río Ulla implicando nunha ruta de longo percorrido a todos os concellos polos que discorre desde o seu nacemento en Antas de Ulla ata a súa desembocadura na Ría de Arousa. Esta ruta cicloturística de longo percorrido debe integrar os esforzos que durante os últimos anos estiveron realizando tanto as Administracións Locais como outras entidades na valoración, protección e promoción do Río Ulla e a súa contorna. Ademais, no percorrido baixo a DOP do Queixo Arzúa Ulloa incorporárase como un elemento a potenciar e conservar do Patrimonio Inmaterial.

A idea sería, polo tanto, a creación dunha ruta de gran percorrido para uso tanto de ciclistas como de camiñantes, aproveitando as infraestruturas e os recursos xa empregados, xunto con todos aqueles precisos para a protección da contorna do Río Ulla, de tal xeito que se acade a primeira ruta fluvial cicloturista galega e a primeira en España que vaia desde o seu nacemento ata a súa desembocadura. Esta ruta cicloturista, ademais, debe ir artellando os diferentes espazos naturais e culturais dispostos ao longo do percorrido, coa finalidade de potenciar un turismo activo baseado na bicicleta. A infraestrutura da ruta, entendida como os elementos que permiten o tránsito peonil e ciclista, e a súa sinalización, completase cunha app móbil e distintos puntos ao longo do percorrido nos que a través de códigos QR se proporcione unha experiencia sobre a evolución do Río Ulla, o seu entorno e o patrimonio cultural, material e inmaterial, en particular o Queixo Arzúa – Ulloa.

- Creación dunha rede de rutas cicloturísticas que conecten os diferentes concellos e puntos de interese turístico, con diferentes niveis de dificultade para adaptarse a todo tipo de ciclistas.
- Mellora e sinalización das rutas existentes, así como a creación de infraestruturas axeitadas, como estacións de servizo para bicicletas, áreas de descanso e puntos de información turística.
- Colaboración coa restauración da zona, agricultores e produtores locais para promover o turismo gastronómico, incluíndo paradas en adegas, granxas e restaurantes que ofrezan produtos locais e tradicionais.
- Organización de eventos e actividades relacionadas co cicloturismo, como carreiras, rutas guiadas, obradoiros de reparación de bicicletas e actividades de educación ambiental.
- Promoción de paquetes turísticos sostibles que inclúan aloxamento en establecementos ecolóxicos e opcións de transporte respectuosas co medio ambiente, como o uso de bicicletas eléctricas ou transporte público.

ANTECEDENTES E EXPERIENCIAS PREVIAS

A creación de rutas cicloturísticas pode recoñecerse tanto ao longo de Europa como a nivel nacional e rexional, con orientacións que van desde a construción da infraestrutura ou o establecemento dunha ruta ata a súa coordinación con outras experiencias turísticas e culturais.

Neste senso, redes como EuroVelo 3 e outras ao longo de Europa poden considerarse tanto como antecedente e como experiencias previas. Tamén a rede de Camiños Naturais e a rede de Vías Verdes en España.

Outras experiencias cunha elevada compoñente cultural asociada pode ser a ruta establecida no Canal de Castela, entre Valladolid, Palencia e Herrera de Pisuegra, pasando por Fromista, cun ramal a Medina de Rioseco desde Palencia, ou o Canal du Midi entre Toulouse e o Estanque de Thau, ou a Ruta do Mar do Norte, entre La Haya e Zandvoorn, ou as transnacionais Rutas do Mosa (EuroVelo 19) e do Danubio (EuroVelo 1) poden ser exemplos de éxito nos cales basear este proxecto de cooperación.

OBXECTIVOS

- Promover o cicloturismo como unha forma sostible de turismo, fomentando o uso da bicicleta como medio de transporte respectuoso co medio ambiente.
 - Preservar e resaltar a beleza natural e cultural da zona, poñendo en valor o seu patrimonio histórico, gastronómico e natural.
 - Fomentar o desenvolvemento económico local a través do turismo sostible, creando oportunidades de emprego e apoiando aos emprendedores locais.
 - Sensibilizar aos visitantes sobre a importancia da conservación do medio ambiente e da biodiversidade, promovendo prácticas respectuosas coa natureza durante o percorrido.
-

TIPO DE COOPERACIÓN

Tratase dun proxecto de cooperación interterritorial que busca xerar unha maior visibilidade pola promoción conxunta dun ámbito xeográfico vertebrado polo Río Ulla, pero que conta cun importante patrimonio ambiental e cultural, tamén inmaterial, coa finalidade de proporcionar unha maior visibilidade.

Ademais, esta cooperación conxunta pode considerar a construción da infraestrutura precisa, así como tamén o mantemento e a prestación de servizos conxuntos, como unha app ou servizos de tipo turístico, que permitan un maior atractivo desta ruta.

Por outra banda, con este proxecto de cooperación buscase acceder directamente a experiencias de éxito e incluso a promoción da ruta en destinos cicloturistas xa consolidados.

POTENCIAIS BENEFICIARIOS

Os potenciais beneficiarios serán de xeito directo os GDR polos que atravesas o Río Ulla:

Ademais, os servizos turísticos e outros negocios do tecido económico deste ámbito xeográfico poden verse tamén beneficiados polo incremento de visitantes.

Considéranse como potenciais beneficiarios os GDR seguintes:

- GDR Ulla Tambre Mandeo
 - GDR 19 Terras de Santiago
-

-
- GDR 18 Deloia
 - GDR 5 Miño Ulla
 - GDR 16 Terras de Pontevedra Norte
 - GDR 17 Salnés, Ulla Umia

Ademais, considerase a participación dos seguintes Grupos de Desenvolvemento Local:

- GDR Araduey Tierra de Campos Palentina
 - Grupos de desenvolvemento local do entorno do:
 - Canal du Midi (Francia)
 - Ruta do Mar do Norte (Países Baixos)
 - Ruta do Danubio
-

EFFECTOS NA CONSERVACIÓN E POSTA EN VALOR DO MEDIOAMBIENTE

O proxecto incide directamente na posta en valor do patrimonio natural existente ao longo do curso do Río Ulla, polo que pode considerarse como positivo. Neste senso, o proxecto ademais de facilitar unha mobilidade activa en bicicleta polo curso ao longo do curso do Río Ulla, posibilitando tamén o seu uso como modo cotiá de desprazamento, supón tamén un esforzo na mellora da súa conservación e do seu mantemento.

EFFECTOS NO MANTEMENTO DO EMPREGO

O incremento do número de visitantes pola atracción que pode supor a implantación dunha ruta cicloturista nun espazo ambiental de gran valor, e que ademais posúe un notable patrimonio cultural, terá como efectos a consolidación do emprego existente no sector turístico, coa posibilidade dun incremento no mesmo pola presenza de novos servizos ou a creación doutros vencellados á ruta (guías turísticos, desprazamentos, etc)

EFFECTOS NA DINAMIZACIÓN DO TECIDO PRODUTIVO DO TERRITORIO

A creación dunha nova ruta cicloturista conxunta pode supor a aparición de novos servizos para os visitantes, vencellados tanto á actividade ciclista (aluguer e reparación de bicicletas, p.ex.) como á propia actividade turística. Neste senso, a ruta pode ser un elemento catalizador da creación de novos negocios, algúns en novos nichos, e a consolidación doutros, e, polo tanto, dinamizando o sector produtivo do territorio.

RESULTADOS ESPERADOS

- Incremento do turismo sostible, xerando ingresos económicos para a comunidade local e contribuíndo ao desenvolvemento rexional.
 - Preservación e posta en valor do patrimonio natural e cultural da zona, promovendo a súa conservación a través do turismo responsable.
 - Concienciación e sensibilización dos visitantes sobre a importancia da sostibilidade e a protección do medio ambiente.
-

-
- Estímulo do emprendemento local e a creación de emprego no sector do turismo sostible.
 - Mellora da calidade de vida dos residentes locais a través da dinamización económica e a promoción da cultura e tradicións locais.

INDICADORES DE RESULTADO DO PROXECTO

- **Número de cicloturistas:** medición da cantidade de persoas que participan na ruta cicloturística. Pode ser desagregado por orixe xeográfico para avaliar a diversidade de visitantes.
 - **Taxa de ocupación de aloxamentos sostibles:** cálculo da porcentaxe de ocupación dos aloxamentos ecolóxicos e sostibles na zona. Isto reflexa o impacto do proxecto na demanda deste tipo de aloxamentos.
 - **Impacto económico local:** avaliación do impacto económico do proxecto na zona, mediante a medición do gasto dos cicloturistas en aloxamentos, restaurantes, tendas e outros servizos locais.
 - **Valoración da experiencia por parte dos cicloturistas:** realización de enquisas ou entrevistas aos cicloturistas para avaliar a súa satisfacción xeral coa ruta, os servizos e a calidade da experiencia.
 - **Participación da comunidade local:** medición da participación e o compromiso da comunidade local no desenvolvemento e na promoción do proxecto.
 - **Redución de emisións de carbono:** estimación da cantidade de emisións de carbono evitadas debido ao uso da bicicleta como medio de transporte, en comparación con medios de transporte máis contaminantes.
 - **Colaboración con produtores locais:** avaliación do número de acordos e colaboracións establecidos con produtores locais para promover o turismo gastronómico e o consumo de produtos locais.
 - **Conservación e mellora do patrimonio natural e cultural:** avaliación dos esforzos realizados para conservar e mellorar os recursos naturais e culturais ao longo da ruta cicloturística, como a restauración de áreas naturais ou a rehabilitación do patrimonio histórico.
 - **Sensibilización ambiental:** realización de enquisas ou entrevistas aos cicloturistas para avaliar o seu nivel de coñecemento e conciencia ambiental antes e despois da ruta cicloturística.
 - **Xeración de emprego local:** cálculo do número de empregos creados directa ou indirectamente como resultado do proxecto.
-

COMPOSTA. COMPOSTAXE DE GRANDES PRODUTORES LOCAIS

O proxecto “COMPOSTA” Compostaxe de Grandes Produtores Locais ten por obxecto potenciar o desenvolvemento de iniciativas de Economía Circular no territorio a través da colaboración público – privada mediante o establecemento dun sistema de compostaxe agrícola descentralizada de grandes produtores da fracción orgánica (hostalaría, centros educativos, comedores de empresas, etc) e a súa reciclaxe para a produción de compost e bioenerxía. Ademais, tratase dunha primeira experiencia para valorar a posibilidade de estender o modelo a toda a fracción orgánica dos residuos domésticos, ou demostrativa para o establecemento dun sistema de compostaxe comunitaria.

• PROXECTO

COMPOSTA. COMPOSTAXE DE GRANDES PRODUTORES LOCAIS

DESCRICIÓN

O mundo rural é tradicionalmente un exemplo de economía circular, nas que os restos da produción agrícola e do propio consumo serve para alimentar o gando e aboar novos cultivos. Tendo en conta este principio e a necesidade da recollida, recuperación e reciclaxe da fracción orgánica considerase a formulación dun sistema de recollida de grandes produtores desta, como supermercados, hostalaría, centros educativos, comedores de empresas, etc., por parte de agricultores para a produción de compost e bioenerxía no proceso.

Deste xeito, e coa finalidade de recuperar o máximo posible da fracción orgánica, así como de reducir o custo de transporte desta á planta de tratamento propónse que os agricultores locais, por exemplo a nivel municipal ou parroquial segundo a produción da fracción orgánica existente ou estimada, ocupense da súa recollida e do seu tratamento, producindo compost para o seu posterior uso como fertilizante, así como biogas, o cal poderá empregarse para alimentar a instalación agrícola.

Deste xeito, os agricultores adheridos ao proxecto poden ser recompensados polo concello, dada a redución do custe de recollida dos residuos e por unha recollida selectiva con maior detalle e frecuencia, garantindo unha mellor xestión da fracción orgánica.

Ao mesmo tempo, estes agricultores poden diversificar as súas rendas e participar dunha segunda actividade, que nalgún caso pode dar lugar a un servizo máis amplo.

ANTECEDENTES E EXPERIENCIAS PREVIAS

O principal antecedente e experiencia previa no territorio do GDR Ulla Tambre Mandeo é colaboración da cooperativa ecolóxica “Millo e Landras” co Concello de Vilasantar, onde se pon a disposición da veciñanza unha biotrituradora para aproveitar os restos vexetais e apostar pola economía circular.

Unha experiencia de gran valor para este proxecto é a extensión da Compostaxe Comunitaria en Allariz, por unha banda, e o proxecto Revitaliza da Deputación de Pontevedra.

Sen embargo, a principal experiencia previa a ter en conta está relacionada coa experiencia de Austria na xestión dos residuos da fracción orgánica en zonas rurais de xeito descentralizado coa participación dos agricultores, en particular nas rexións da Alta Austria e da Baixa Austria.

Tamén pode considerarse a experiencia levada a cabo no municipio de Larrabetzu (Bizkaia)

OBXECTIVOS

- Potenciar o desenvolvemento de iniciativas de economía circular no territorio
- Mellorar a xestión da fracción orgánica, en particular de grandes produtores
- Valorizar un residuo para a obtención de fertilizantes (compost), poñendo en contacto ao xerador do residuo co seu xestor e usuario do resultado da súa reciclaxe.
- Producir bioenerxía a partir dun residuo, permitindo unha xeración descentralizada

TIPO DE COOPERACIÓN

O tipo de cooperación prevista fundamentase a dous niveis, por unha parte mediante a colaboración público – privada entre concellos, grandes produtores locais e agricultores, que, no caso de sumarse máis GDR, pode permitir acadar unha maior masa crítica e unha maior extensión do proxecto.

En segundo lugar, respecto da divulgación de boas prácticas e da sensibilización en materia de Economía Circular.

POTENCIAIS BENEFICIARIOS

Os potenciais beneficiarios son os agricultores que se dedicarán á recolección da fracción orgánica de grandes produtores locais, permitindo valorizar este residuo para a obtención de fertilizantes e bioenerxía, co conseguinte aforro nestes recursos; e, por outra parte, os produtores desta fracción orgánica xa que reducen os custes da súa recolección e xestión.

Neste mesmo senso, os concellos tamén son beneficiarios, xa que, ademais de incrementar a recolección e a reciclaxe da fracción orgánica, reducen o custe da súa xestión de residuos sólidos urbanos.

Por último, o conxunto da sociedade tamén pode considerarse como beneficiario pola redución do consumo de recursos e a xeración descentralizada de enerxía renovable, reducindo tamén as emisións contaminantes causantes do Cambio Climático.

En última instancia, o potencial beneficio tamén se atopa na colaboración en boas prácticas e na súa divulgación, así como na implantación e na sensibilización na materia.

Considéranse como potenciais beneficiarios do proxecto as seguintes entidades:

- GDR Ulla Tambre Mandeo
- GDR 24 Seitura 22
- GDR 10 Limia – Arnoia
- GDR 15 Pontevedra – Morrazo
- GDR Jata – Ondo (Concello de Larrabetzu)

EFFECTOS NA CONSERVACIÓN E POSTA EN VALOR DO MEDIOAMBIENTE

O principal efecto na conservación e posta en valor do Medioambiente por parte deste proxecto está relacionada coa redución dos residuos, en particular da fracción orgánica, e o seu emprego tras a súa valorización como compost para fertilizantes e no proceso para a xeración de bioenerxía, reducindo polo tanto o consumo de recursos e a emisión de gases contaminantes.

Ademais, contribúe a unha mellor xestión da fracción orgánica de grandes produtores locais e pode catalizar o emprego da compostaxe comunitaria.

EFFECTOS NO MANTEMENTO DO EMPREGO

Os efectos no mantemento do emprego poden estimarse a través da consolidación da actividade dos agricultores, que obteñen unha segunda actividade e un beneficio, podendo incorporar a novos empregados.

Tamén poden aparecer novos servizos vencellados á actividade de compostaxe e a súa posible comercialización en caso de excedentes.

EFFECTOS NA DINAMIZACIÓN DO TECIDO PRODUTIVO DO TERRITORIO

En principio non se considera que poida ter un efecto directo e significativo na dinamización do tecido produtivo local, aínda que de xeito indirecto pode xerar a aparición de servizos indirectos vencellados a esta actividade, como a recollida da fracción orgánica doutros sectores ou ben dos residuos domésticos, ou ben doutros proxectos vencellados á Economía Circular no territorio..

RESULTADOS ESPERADOS

- Desenvolvemento de iniciativas de economía circular
- Reducir os residuos e fomentar a reciclaxe da fracción orgánica a través dunha xestión descentralizada, minimizando os custes e as emisións polo transporte destes.
- Xerar enerxías renovables de xeito descentralizado, reducindo as emisións
- Mellorar a marxe de rendibilidade das explotacións agrícola polo menor custo de fertilizantes e de enerxía, ademais de obter ingresos económicos adicionais de ser o caso de venta do produto resultante ou pola posibilidade de estender o modelo aos residuos domésticos

INDICADORES DE RESULTADO DO PROXECTO

- **Número de agricultores:** número de agricultores adheridos ao proxecto.
 - **Número de grandes produtores:** medición da cantidade de grandes produtores adheridos ao proxecto.
 - **Taxa de reciclaxe da fracción orgánica:** cálculo da porcentaxe reciclaxe da fracción orgánica.
 - **Toneladas de compost:** toneladas de compost producido.
 - **Bioenerxía producida:** enerxía (biogás) producido polo proceso de compostaxe.
 - **Impacto económico local:** avaliación do impacto económico do proxecto na zona, mediante a medición da redución de custes pola compostaxe, tanto a nivel público (redución do custe de recollida e tratamento municipal) como privado (aforros dos agricultores e dos grandes produtores locais).
 - **Redución de emisións de carbono:** estimación da cantidade de emisións de carbono evitadas debido á xeración de enerxía descentralizada no proceso de compostaxe e pola redución do transporte.
-

-
- **Colaboración con produtores locais:** avaliación do número de acordos e colaboracións establecidos con produtores locais para promover o turismo gastronómico e o consumo de produtos locais.
 - **Conservación e mellora do patrimonio natural e cultural:** avaliación dos esforzos realizados para conservar e mellorar os recursos naturais e culturais ao longo da ruta cicloturística, como a restauración de áreas naturais ou a rehabilitación do patrimonio histórico.
 - **Participación da comunidade local:** medición da participación e o compromiso da comunidade local no desenvolvemento e na promoción do proxecto.
 - **Sensibilización ambiental:** realización de enquisas ou entrevistas aos habitantes para avaliar a súa consideración do proxecto e a disposición para xerar proxectos de compostaxe comunitaria.
 - **Xeración de emprego local:** cálculo do número de empregos creados directa ou indirectamente como resultado do proxecto.
-

I.6. Planificación temporal

Planificación temporal preliminar, por semestres, para a execución dos proxectos e accións recollidos nos apartados I.2 a I.5

Táboa 7. Planificación temporal dos proxectos e actividades

[illegible]

[illegible]

I.7. Cadro financeiro

Táboa 8. Cadro de financiamento de proxectos.

	2023	2024	2025	2026	2027	TOTAL
Produtivos	0,00 €	629.760,14 €	524.800,12 €	524.800,12 €	419.840,10 €	2.099.200,48 €
Non produtivos entidades públicas	0,00 €	203.460,97 €	169.550,81 €	169.550,81 €	135.640,65 €	678.203,23 €
Non produtivos entidades privadas	0,00 €	135.640,65 €	113.033,87 €	113.033,87 €	90.427,10 €	452.135,49 €
Formación	0,00 €	10.307,04 €	8.589,20 €	8.589,20 €	6.871,36 €	34.356,80 €
Cooperación	0,00 €	51.535,20 €	42.946,00 €	42.946,00 €	34.356,80 €	171.784,00 €
OPERACIÓNS ESTRATEXIA	0,00 €	1.030.704,00 €	858.920,00 €	858.920,00 €	687.136,00 €	3.435.680,00 €
Funcionamento	0,00 €	206.140,80 €	171.784,00 €	171.784,00 €	137.427,20 €	687.136,00 €
Animación	0,00 €	51.535,20 €	42.946,00 €	42.946,00 €	34.356,80 €	171.784,00 €
TOTAL GDR	0,00 €	257.676,00 €	214.730,00 €	214.730,00 €	171.784,00 €	858.920,00 €
TOTAL ESTRATEXIA	0,00 €	1.288.380,00 €	1.073.650,00 €	1.073.650,00 €	858.920,00 €	4.294.600,00 €
FEADER						3.220.950,00 €
AXE						107.365,00 €
XUNTA						966.285,00 €

DOCUMENTO DE SELECCIÓN DE GRUPO E ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO
RURAL



GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL

ULLA TAMBRE MANDEO

I. Normas para a xestión da estratexia

1. Requisitos xerais dos proxectos

Con carácter xeral, os proxectos que soliciten as axudas deben cumprir os seguintes requisitos:

- Estar localizados no ámbito xeográfico de actuación do GDR Ulla Tambre Mandeo.
- Ser viables técnica, económica e financeiramente, para os proxectos de natureza produtiva, e técnica e financeiramente para os non produtivos.
- Adecuarse á estratexia de desenvolvemento local definida.
- Axustarse a normativa sectorial (comunitaria, estatal e autonómica) que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto.
- Ser finalistas: que na data da xustificación final dos investimentos ou gastos subvencionados cumpran os obxectivos e funcións para os cales foron aprobados os proxectos. Non serán subvencionables fases dun proxecto que non constitúan unha actividade finalista.
- Que os proxectos para os cales se solicita a axuda non estean iniciados.

a. Regras xerais de cálculo de porcentaxe

Cada proxecto será analizado e valorarase de acordo cos criterios establecidos no baremo que figura a continuación. En función da puntuación que obteña, corresponderalle unha porcentaxe de axuda. Esta porcentaxe de axuda variará en función da natureza do proxecto, e das limitacións establecidas na normativa e demais instrucións que lle sexan aplicables no desenvolvemento do proxecto.

O importe da axuda non poderá superar en ningún caso os importes máximos establecidos por Agader, Resolución do 27 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos ós territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas.

O importe de axuda que, como máximo, pode percibir un proxecto de natureza produtiva ascenderá a 200.000,00 €. Por outra parte, os proxectos produtivos que se amparen no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado ás axudas de mínimos, limitaranse a un máximo de 200.000,00 € por promotor durante un período de tres exercicios fiscais. A porcentaxe de axuda máxima para os proxectos produtivos ascenderá ao 50%, agás os proxectos elixibles en transformación e comercialización de produtos forestais, onde a porcentaxe máxima de axuda se establece no 40%.

O importe de axuda que, como máximo, pode percibir un proxecto de natureza non produtiva ascenderá a 200.000,00 €.

Os proxectos que opten polo Bono Activa Rural estarán limitados a unha axuda máxima de 18.000,00 por proxecto. Se, por puntuación, son seleccionados como beneficiarios dunha axuda Leader, esta será automaticamente de 18.000,00 euros.

Para que un proxecto poida ser seleccionado terá que acadar unha puntuación mínima de 21 puntos.

A porcentaxe máxima de axuda para cada tipo de proxecto, será outorgado a aqueles proxectos que obteñan unha puntuación superior a 70 puntos.

As porcentaxes de axuda entre o máximo e o mínimo, unha vez definidas a nota de corte e a nota á cal se lle asignará a porcentaxe de axuda máxima, calcularanse mediante unha relación proporcional directa cos puntos obtidos no baremo, axustada esa porcentaxe a dous decimais, e tendo en conta que a porcentaxe de axuda mínima que poderán percibir os proxectos sitúase no 15% para os proxectos produtivos e no 30% para os proxectos de natureza non produtiva, axustada esa porcentaxe a dous decimais redondeado pola regra matemática do cinco.

- **PROXECTOS PRODUTIVOS**

PUNTUACIÓN	PORCENTAXE DA AXUDA
Puntuación < 21 puntos	Excluído
21 puntos	15%
21 < Puntuación ≤ 70 puntos	Incrementos proporcionais de acordo á puntuación ata un máximo do 50%.
Puntuación > 70 puntos	50%

- **PROXECTOS NON PRODUTIVOS**

PUNTUACIÓN	PROXECTOS DE PRIORIDADE ALTA	PROXECTOS DE PRIORIDADE MEDIA	PROXECTOS DE PRIORIDADE BAIXA
Puntuación < 21 puntos	Excluído	Excluído	Excluído
21 puntos	50,00%	40,00%	30,00%
21 < Puntuación ≤ 70 puntos	Incrementos proporcionais ata un máximo do 90%	Incrementos proporcionais ata un máximo do 70%	Incrementos proporcionais ata un máximo do 50%
Puntuación > 70 puntos	90,00%	70,00%	50,00%

b. Procedemento para priorizar e seleccionar os proxectos verificados

Para os efectos de que a Xunta Directiva do GDR remita a Agader a relación dos proxectos para os que se propoña a concesión de axuda con cargo a cada anualidade, o GDR establece o seguinte procedemento, non discriminatorio e transparente, de priorización de expedientes que contén coa verificación favorable do ICE. A relación de

expedientes propostos pola Xunta Directiva farase ata esgotar o crédito anual e incluírá a distribución de axuda por anualidades e o prazo máximo de execución de cada un dos expedientes propostos.

Os expedientes produtivos ordenaranse de maior a menor puntuación acadada no baremo correspondente ó ICE verificado de cada un dos proxectos para a proposta de concesión de axuda. En caso de empate, seguirase o criterio da puntuación total acadada no apartado referido á incidencia no emprego (apartado 2, cun máximo de 25 puntos), priorizando a axuda do proxecto con maior puntuación. Se aínda houberse empate entre dous proxectos, usarase a data de solicitude de axuda, coa priorización do que se solicitara antes, segundo o número de entrada no rexistro.

A relación dos expedientes non produtivos que se propoña pola Xunta Directiva para a concesión de axuda incluírá, en primeiro lugar, os considerados de prioridade alta, despois os de prioridade media e a continuación os de prioridade baixa, e dentro de cada categoría, ordenaranse segundo a puntuación do baremo correspondente ó ICE verificado en cada un dos proxectos. En caso de empate, a priorización farase atendendo ó de maior puntuación na incidencia ambiental (punto 3.4, máximo 15 puntos). Se aínda houberse empate, atenderase á data de solicitude de axuda, priorizando o que a presentase antes segundo o número de entrada no rexistro.

Os proxectos con ICE verificado que non puideran ser obxecto de concesión de axuda por falta de fondos dispoñibles na anualidade en curso, pasarán á selección no ano seguinte competindo cos novos proxectos que se presenten. Deixarase constancia na solicitude de axuda da aceptación expresa dos promotores relativa a esta circunstancia.

II.- Criterios para establecer a prioridade e seleccionar proxectos produtivos

Todos os proxectos que cumpran os requisitos xerais da convocatoria e o requisito específico do GDR Ulla Tambre Mandeo (ver parágrafo seguinte) serán valorados en función da análise dos seguintes aspectos, segundo a natureza do proxecto.

Aquelas persoas e entidades promotoras beneficiarias dunha axuda do Programa Leader 2023-2027, que presenten novas solicitudes, deberán comprometerse como mínimo a unha creación de emprego de 1 UTA na segunda e posteriores solicitudes para poder ter a consideración de proxectos subvencionables.

TERMOS CLAVES UTILIZADOS NO BAREMO:

- **PARADOS/AS DE LONGA DURACIÓN:** Persoas que leven máis de doce meses nunha situación de desemprego no momento da solicitude.
- **MOCIDADE:** Persoas con idade inferior ós 41 anos.
- **MAIORÍA:** En todos os ítems do baremo se entende unha maioría simple, máis do 50%.
- **PARTICIPACIÓN MAIORITARIA OU PARTE SUBSTANCIAL:** en máis dun 50%, a non ser que se especifique outra cousa no criterio.
- **COLECTIVOS DESFAVORECIDOS:** mulleres, mocidade, inmigrantes, parados de longa duración e persoas cun grado de discapacidade superior ó 33%

A) PROXECTOS PRODUTIVOS

1) SITUACIÓN XEOGRÁFICA DO PROXECTO: 35 puntos.

Valoraranse os seguintes aspectos:

Criterio	Puntuación máxima
1.1. Nivel de desenvolvemento económico do concello (Rendemento medio declarado do IRPF 2020)	10
1.2. Variables demográficas do concello (2022)	20
1.2.a. Densidade de poboación	5
1.2.b. Variación da poboación	5
1.2.c. Envellecemento da poboación	10
1.3. Taxa de desemprego (2022)	5
TOTAL PUNTOS	35

Nivel de desenvolvemento económico do concello (Rendemento medio declarado do IRPF 2020):

Rendemento medio declarado do IRPF 2020	PUNTUACIÓN	Concellos
IRPF $\geq$ 13000	4	Melide, Arzúa, O Pino
$13000 \leq \text{IMRF} \leq 12000$	6	Touro, Vilasantar
$12000 \leq \text{IMRF} \leq 10000$	8	Boimorto, Santiso
IRPF $\leq$ 10000	10	Sobrado, Toques
Puntuación máxima: 10		

Fonte: www.ige.eu

Densidade de poboación. Ano 2022:

DENSIDADE	PUNTUACIÓN	Concellos
Densidade $\geq$ 40	2	Melide,
$30 \leq \text{Densidade} \leq 39$	3	O Pino, Touro, Arzúa
$20 \leq \text{Densidade} \leq 29$	4	Santiso, Boimorto, Vilasantar
Densidade $\leq$ 19	5	Sobrado, Toques
Puntuación máxima: 5		

Fonte: www.ige.eu

Variación da poboación no último decenio. Período 2013-2022:

VARIACIÓN DA POBOACIÓN	PUNTUACIÓN	Concellos
Redución da poboación $< 5\%$	2	Melide, O Pino
$5\% \leq \text{Redución da poboación} < 10\%$	3	Arzúa, Vilasantar
$10\% \leq \text{Redución poboación} < 15\%$	4	Boimorto, Touro, Sobrado, Toques
Redución da poboación $\geq 15\%$	5	Santiso
Puntuación máxima: 10		

Fonte: www.ige.eu

Envellecemento da poboación. Ano 2022:

ENVELLECIMENTO DA POBOACIÓN	DA	PUNTUACIÓN	Concellos
Envellecemento da poboación < 200		4	Melide
200 ≤ Envellecemento < 300		6	O Pino, Arzúa,
300 ≤ Envellecemento < 400		8	Touro
Envellecemento ≥ 400		10	Sobrado, Vilasantar, Santiso, Toques, Boimorto
Puntuación máxima: 10			

Fonte: www.ige.eu

Taxa de desemprego. Ano 2014:

Taxa de desemprego municipal para o ano 2022	PUNTUACIÓN	Concellos
Taxa de desemprego > 10%	5	Melide
10% ≥ Taxa de desemprego >9%	4	Touro
9% ≥ Taxa de desemprego >7%	3	Santiso, Arzúa, Boimorto, O Pino
7% ≥ Taxa de desemprego	2	Vilasantar, Toques, Sobrado
Puntuación máxima: 5		

Fonte: www.datosmacro.com

2. CARACTERÍSTICAS DO PROMOTOR OU PROMOTORA E ÁMBITO DE ACTUACIÓN DO PROXECTO: máximo 10 puntos

2.1. Tipoloxía do promotor ou promotora.

2.1.a. Persoas físicas. Máximo: 10 puntos.

Criterio	Puntuación máxima
Proxectos promovidos por persoas pertencentes a colectivos desfavorecidos da poboación	5
Proxectos promovidos por mulleres desempregadas con fillos/as menores de idade ou cargas familiares	5
Que a persoa promotora teña unha formación regrada para desenvolver a actividade a poñer en marcha	5
PUNTUACIÓN MÁXIMA	10

2.1.b. Persoas xurídicas. Máximo: 10 puntos.

Criterio	Puntuación máxima
Proxectos promovidos por persoas xurídicas nas que a maioría dos socios pertencen a colectivos desfavorecidos da poboación	5
Proxectos promovidos por persoas xurídicas nas que a maioría dos socios sexan mulleres desempregadas con fillos ata 18 anos ou cargas familiares	5

CMVMC, cooperativas ou empresas de traballo social	7
Concellos, entidades públicas locais ou empresas públicas locais	10
Proxectos nos que a persoa representante da entidade sexa unha muller	6
Que, polo menos, unha das persoas socias da entidade promotora conte cunha formación regrada específica para desenvolver a actividade a poñer en marcha	5
PUNTUACIÓN MÁXIMA	10

3. INCIDENCIA NO EMPREGO. Máximo 25 puntos.

Criterio	Puntuación máxima
3.1. Número de UTAs creadas	6
3.2. Contratación de colectivos desfavorecidos	6
3.3. Contratación de persoas cualificadas (contrato de traballo de persoa con estudos superiores) ou cun salario medio superior á medida galega para o ano	14
PUNTUACIÓN MÁXIMA	25

Este apartado soamente poderá valorarse se se cumpre un mínimo de 0,25 UTAs de creación.

3.1. Número de postos de traballo creados. Máximo: 6 puntos

Súmanse 2 puntos por cada UTA creada, ata un máximo de 6 puntos. Enténdese o incremento dunha UTA, con respecto á media anual anterior ó momento da solicitude.

3.2. Contratación de colectivos desfavorecidos. Máximo: 6 puntos

Neste apartado valorarase con 1 punto adicional o requisito de que cada UTA contratada pertenza a colectivos desfavorecidos para os postos de traballo creados en virtude do criterio 3.1. Os empregos creados a tempo parcial ou fixos discontinuos computarán proporcionalmente.

3.3. Contratación de persoas cualificadas ou cun salario medio superior á medida galega. Máximo: 14 puntos

Neste apartado valorarase con 3 puntos adicionais cada contrato de traballo creado en virtude do apartado 3.1 se cumpre calquera dos seguintes requisitos:

- Que se trate de contratos do grupo 1 ou 2 (persoas con estudos superiores)
- Que se trate de contratos cunha remuneración superior ó salario medio bruto anual para Galicia no ano 2022 (fonte: INE), establecido nos 23.929,20 euros.

Os empregos creados a tempo parcial ou fixos discontinuos computarán proporcionalmente.

Para o caso de proxectos da tipoloxía Bono Activa Rural, a puntuación do epígrafe INCIDENCIA NO EMPREGO, só se aplicará para as UTAS creadas a maiores da propia UTA da persoa promotora.

4. IMPACTO DO PROXECTO SOBRE O TERRITORIO. Máximo 30 puntos.

Criterio	Puntuación máxima
4.1. Proxectos segundo o obxecto do proxecto con relación á Estratexia de Desenvolvemento Local 2023-2027	20
4.1.a. Proxectos que teñan por obxecto fundamental unha das áreas prioritarias (ver listado despois desta táboa)	15
4.1.b. Proxectos que contribúan a consecución dunha das áreas determinadas como prioritarias (ver listado despois desta táboa)	7
4.1.c. Proxectos que incorporen melloras da man da dixitalización: teletraballo, venda online, etc.	5
4.1.d. Proxectos que supoñan a aparición dun novo servizo ou actividade a nivel municipal	5
4.1.e. Proxectos que recuperen unha infraestrutura ou espazo degradado ou ben que eliminen o feísmo na intervención.	5
4.1.f. Proxectos que se localicen en polígonos industriais ou parques empresariais	5
4.2. Incidencia ambiental no desenvolvemento do proxecto ou na actividade	10
4.2.a. Incorporación de sistemas de xestión ambiental á empresa: ISO 14001, EMAS, Ecolabel, FSC, certificación ecolóxica, secuestro de carbono, etc. certificadas no momento do pagamento final.	5
4.2.b. Introducción de medidas de eficiencia enerxética cun aforro respecto á situación de partida superior ó 40%, acreditado cun informe técnico	4
4.2.c. Uso de enerxías renovables (por riba da esixencia mínima legal)	4
4.2.d. Medidas de prevención de xeración de residuos, reutilización ou reciclaxe de materiais e/ou augas acreditado mediante informe técnico (mínimo dun 15%)	5
TOTAL PUNTOS	30

Proxectos que teñan por obxecto (4.1.a) ou contribúan (4.1.b) unha das seguintes áreas determinadas como prioritarias na estratexia. **Considérase que teñen por obxecto fundamental** as áreas prioritarias, cando a actividade do proxecto vai

destinado, especificamente, a elas. Por exemplo, unha queixería D.O.P. Arzúa-Ulloa ten por obxecto fundamental a transformación e comercialización do leite. **Considérase que o proxecto contribúe a consecución destas áreas**, cando a súa actividade non é especificamente destas áreas, pero as aborda dalgunha maneira. Por exemplo, un hotel no Camiño Norte pode ter unha pequena tenda na que ofrezca unicamente produtos do territorio e queixo D.O.P. Arzúa-Ulloa, o que contribúe a comercialización e mellora da imaxe de produtos agroalimentarios do territorio, sendo a actividade principal a de aloxamento.

ÁREAS PRIORITARIAS:

1. Incremento do valor engadido do leite a partir de: diferenciación con marca propia e comercialización directa da explotación, incorporación de sistemas de calidade (certificación ecolóxica, D.O.Ps) e/ou transformación do mesmo.
2. Creación de iniciativas empresariais que redunden na posta en produción de parcelas non produtivas, abandonadas e/ou infrautilizadas a través do uso das ferramentas da Lei de Recuperación da Terra Agraria.
3. Investimentos que xeren servizos turísticos de: cicloturismo, natureza ou valorización dos elementos patrimoniais establecidos como prioritarios: Fervenza das Brañas, San Antolín de Toques, Mosteiro e Lagoa de Sobrado, Campamento Romano da Ciadella, Praza do Convento de Melide, Río Ulla, Camiños de Santiago, Igrexa e Batán de Santa María de Mezonzo en Vilasantar, embalse e ferri en Portodemouros.
4. Mellora e modernización de empresas locais materializadas a partir da transferencia de coñecemento e innovación de centros investigadores (Universidades e Centros Tecnolóxicos).
5. Mellora da calidade de vida da poboación local coa dotación e mellora de servizos de benestar, conciliación e atención a persoas con discapacidade.
6. Investimentos orientados á mellora da mobilidade da poboación local.
6. Mellora nos procesos de produción e comercialización das empresas locais caracterizada por unha redución mínima do 40% no consumo de auga, de materiais ou embalaxes (envases, paquetes, etc.) ou de emisión de contaminantes á atmosfera. Tamén proxectos con investimentos para o cambio a envases e embalaxes sostibles (en todo caso, que non se trate de plásticos).
8. Transformación, comercialización e mellora da imaxe de produtos agrarios e agroalimentarios, distintos dos lácteos, do territorio con marca propia así como daqueles con certificación ecolóxica de Galicia

10. Diversificación dos aproveitamentos forestais do territorios: especies forestais autóctonas e outros produtos transformados, etc.¹ E proxectos que interveñan no medio natural en Rede Natura 2000.

II.- Criterios para establecer a prioridade e seleccionar proxectos non produtivos

No caso de proxecto de creación e/ou mellora de actividades e/ou servizos, e de proxectos de centros sociais, unicamente se seleccionarán aqueles proxectos que especifiquen no plan de xestión un horario de apertura e se comprometan a comunicar no momento da xustificación final da axuda a persoa física ou xurídica encargada da atención do proxecto no horario establecido.

Ademais, nas distintas convocatorias Leader 2023-2027, os proxectos non produtivos xeradores de ingresos que teñan a consideración de produtivos axustaranse ó seguinte: puntuarase co baremo de proxectos produtivos e serán subvencionables ata un máximo do 50%, máis os fondos que se lle asignen ó proxecto detraeranse da tipoloxía de proxectos non produtivos.

Todos os proxectos que cumpran os requisitos xerais da convocatoria, serán valorados en función da análise dos seguintes aspectos, segundo a natureza do proxecto.

- Entidades públicas locais do territorio do Ulla Tambre Mandeo: reservarase o 60% do orzamento total para proxectos non produtivos de cada anualidade.
- Outras entidades sen ánimo de lucro: reservarase o 40% do orzamento total para proxectos non produtivos de cada anualidade.

Sempre que a normativa o permita, establécese a mobilidade entre medidas, é dicir, se non existen solicitudes polo importe total do orzamento anual de proxectos promovidos por unha das dúas tipoloxías: entidades públicas locais do territorio ou doutras entidades, os fondos serán transferidos entre ambas automaticamente. Se, aínda así, non existisen solicitudes de axuda polo importe total do orzamento anual para proxectos non produtivos, os fondos serán transferidos automaticamente para o financiamento de

¹ En concreto, incentivarase o aproveitamento económico das especies recollidas no anexo I do DECRETO 73/2020, do 24 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos, micolóxicos e de resinas en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia. Tamén se incentivará o aproveitamento de froiteiras, arbustos con froito, produtos micolóxicos, e outras plantas con tradición en Galicia: toxo, uces, xestas, vimbios... plantas ornamentais como a camelia, hortensia, ou as plantas aromáticas e medicinais. En todo caso, exclúense as coníferas non recollidas no anexo I do DECRETO 73/2020, o bambú, as madeiras tropicais as recollidas no *Real Decreto 630/2013, de 2 de agosto, polo que se regula o Catálogo español de especies exóticas invasoras*, e na lexislación que deste decreto se derive. Poderase incentivar calquera actividade que incremente as posibilidades da rendibilidade e supervivencia das especies anteriormente mencionadas, por exemplo:

- Actividades de aproveitamento das especies para todo tipo de usos e produtos:
 - alimentación e bebida: froitos, cogomelos, licores, té, aceite, mel, etc
 - hixiene, saúde e estética: xabón, aceites, extractos, medicina homeopática, etc
 - usos ornamentais de plantas, parte da planta, musgos ou liques
 - reprodución e venda de especies ou sementes.
 - fabrís como mobles, monturas e mangos, formas e artesanía en xeral.
 - combustible fósil, leña ou biomasa

proxectos produtivos no ano en curso.

Prioridades dos proxectos non produtivos

Proxectos de prioridade alta, financiábles ata un 90% do investimento.

- Proxectos que fomenten a inclusión social mediante **servizos** de igualdade e benestar á poboación, a integración de comunidades marxinais e de inmigrantes, o coidado das persoas maiores e a promoción dun envellecemento activo e saudable; así como o coidado infantil e os colectivos con discapacidade.
- Proxectos que teñan por obxecto fundamental a mellora da accesibilidade ás tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), así como o seu uso no medio rural (por exemplo, telecentros, aulas de informática, plataformas dixitais de servizos á poboación xeral, uso da “internet das cousas” e proxectos de dixitalización de servizos e infraestruturas públicas), así como os investimentos ligados a aldeas intelixentes (“smart villages”)
- Proxectos en aldeas modelo ou en desenvolvemento dos instrumentos contidos na Lei da Recuperación da Terra Agraria ou proxectos de recuperación natural da contorna en Rede Natura 2000.
- Proxectos de investimentos directamente orientados á adaptación e mitigación do cambio climático tanto no medio natural como nos núcleos de poboación (definición IGE: Conxunto de polo menos dez edificacións, que están formando rúas, prazas e outras vías urbanas. O número de edificacións poderá ser inferior a 10, sempre que a poboación que habita as mesmas supere os 50 habitantes) e proxectos de mitigación e adaptación ó cambio climático en liña coa Lei do Clima de Galicia.
- Proxectos de creación de produtos turísticos arredor dos recursos patrimoniais prioritarios: Fervenza das Brañas, San Antolín de Toques, Mosteiro e Lagoa de Sobrado, Campamento Romano da Ciadella, Praza do Convento de Melide, Río Ulla, Camiños de Santiago, Igrexa e Batán de Santa María de Mezonzo en Vilasantar, embalse e ferri en Portodemouros. Tamén os investimentos destinados ó desenvolvemento do Ulla Tambre Mandeo como destino cicloturista.
- Proxectos orientados á mellora da fixación da poboación no territorio e á atracción de novos poboadores a través de solucións innovadoras no eido da mobilidade e da mellora na dispoñibilidade de vivenda.
- Intervencións directas no medio natural para a recuperación de bosques autóctonos e de ribeira, así como da mellora da calidade da auga.
- Proxectos promovidos por asociacións xuvenís cando cumpran todos e cada un dos seguintes requisitos: figurar a asociación inscrita no Censo de Entidades Xuvenís, contar cun mínimo de 10 membros asociados e que, polo menos, o 70% dos membros da Asemblea Xeral sexan menores de 41 anos.

Proxectos de prioridade media, financiábles ata un 70% do investimento:

- Creación de servizos para o colectivo infantil e a mocidade entre os 12 e os 25 anos nos ámbitos cultural, deportivo, asociativo, de voluntariado, etc. fomentando unha vida activa, un currículo multidisciplinar así como un uso responsable e saudable do ocio na xuventude local. Terá que acreditarse a través dos compromisos do plan de xestión que o servizo se orienta especificamente para este colectivo da poboación.
- Creación de espazos e recursos que apoien a visibilización, promoción e comercialización da produción agroalimentaria e/ou artesanía local (mercados locais, obradoiros comunitarios, etc.)
- Proxectos de investimentos directamente relacionados coa economía circular e a compostaxe, así como a recollida selectiva de pequenos contaminantes da vida cotiá

- Proxectos de creación de produtos turísticos arredor dos recursos patrimoniais distintos dos prioritarios.

Proxectos de prioridade baixa, financiáveis ata un 50% do investimento:

- Calquera outro non recollido anteriormente.

TERMOS CLAVES UTILIZADOS NO BAREMO:

- PARADOS/AS DE LONGA DURACIÓN: Persoas que leven máis de doce meses nunha situación de desemprego no momento da solicitude.
- MOCIDADE: Persoas con idade inferior ós 41 anos.
- MAIORÍA: En todos os ítems do baremo se entende unha maioría simple, máis do 50%.
- PARTICIPACIÓN MAIORITARIA OU PARTE SUBSTANCIAL: en máis dun 50%, a non ser que se especifique outra cousa no criterio.
- COLECTIVOS DESFAVORECIDOS: mulleres, parados de longa duración, mocidade, inmigrantes e persoas cun grado de discapacidade superior a un 33%.

B.- BAREMO DE PROXECTOS NON PRODUTIVOS

1. SITUACIÓN XEOGRÁFICA DO PROXECTO: 35 puntos.

Valoraranse os seguintes aspectos (coincidentes cos datos do baremo para produtivos):

Criterio	Puntuación máxima
1.1.Nivel de desenvolvemento económico do concello (rendemento medido declarado no IRPF do ano 2020)	10
1.2.Variables demográficas do concello	20
1.2.a.Densidade de poboación	5
1.2.b.Variación da poboación	5
1.2.c.Avellentamento da poboación	10
1.3.Taxa de desemprego no municipio no ano 2022	5
TOTAL PUNTOS	35

2. CARACTERÍSTICAS DO PROMOTOR OU PROMOTORA E ÁMBITO DE ACTUACIÓN DO PROXECTO: 20 PUNTOS.

Proxectos promovidos en solitario por Entidades Públicas Locais ou proxectos promovidos conxuntamente por varias Entidades Públicas Locais e/ou con outras entidades. Entenderase cumprida a promoción conxunta cando se asine un convenio de colaboración entre as entidades para a execución de ditos proxectos; ou un ente público con personalidade xurídica propia e carácter supra municipal.

Criterio	Puntuación
<u>Proxectos de ámbito municipal</u>	

2.1.a. Promovidos por un concello do territorio de actuación do GDR UTM	12
2.1.b. Promovidos por un concello do territorio de actuación do GDR UTM máis outro tipo de entidade privada como: asociacións, CMVMC, cooperativas, etc.	14
<u>Proxectos de ámbito supra municipal (cando os investimentos efectivos do proxecto se realicen en máis dun municipio)</u>	
2.1.c. Promovidos por dous ou máis concellos do territorio de actuación do GDR UTM ou un concello do territorio de actuación do GDR UTM e outro tipo de entidade privada como: asociacións, CMVMC, cooperativas, etc.	18
2.1.d. Promovidos por dous ou máis concellos do territorio de actuación do GDR UTM e outro tipo de entidade como: asociacións, CMVMC, cooperativas, etc.	20
PUNTUACIÓN MÁXIMA	20

Tódolos ítems anteriores son excluíntes entre si.

Proxectos promovidos por entidades privadas, asociacións e outras entidades sen ánimo de lucro, cooperativas e comunidades de monte veciñal en man común.
Puntuación máxima: 20 puntos.

Criterio	Puntuación máxima
2.2.a. Proxectos promovidos por entidades formadas, maioritariamente, por mulleres.	5
2.2.b. Proxectos promovidos por entidades formadas, maioritariamente, por mocidade (persoas asociadas menores de 41 anos)	10
2.2.c. Proxectos promovidos por asociacións de persoas con discapacidade	5
2.2.d. Proxectos promovidos por asociacións ambientais ou de custodia do territorio	5
2.2.e. Proxectos nos que a persoa representante da entidade sexa unha muller	5
2.2.f. Proxectos promovidos por entidades que teñan como obxecto social o coidado das persoas maiores, o envellecemento activo, a mellora nas condicións da poboación infantil ou a inclusión das persoas con discapacidade	5
2.2.g. Proxectos promovidos por entidades con domicilio social no territorio de actuación do UTM	5
2.2.h. Proxectos promovidos por asociación de xuventude (inscritas no Centos de Entidades Xuvenís)	5
PUNTUACIÓN MÁXIMA	20

Os criterios 2.1 e 2.2 son excluíntes entre si ó estar diferenciados segundo se traten de entidades públicas ou non.

3. IMPACTO DO PROXECTO SOBRE O TERRITORIO: 45 PUNTOS

Valoraranse os seguintes aspectos:

Criterio	Puntuación
3.1.Segundo o obxecto do proxecto:	15
3.1a Proxectos que teñan por obxecto fundamental un dos ámbitos prioritarios do Leader Ulla Tambre Mandeo recollidos a continuación	15
3.2.a Proxectos que contribúan a acadar os obxectivos dun dos ámbitos prioritarios do Leader Ulla Tambre Mandeo*	7
3.3. Capacidade de arrastre	10
3.3.a Proxectos que xeren emprego (como mínimo 0.50 UTA)	10
3.3.b Proxectos que supoñan a aparición dun novo servizo para a poboación local a nivel municipal.	5
3.3.c Proxectos que recuperen unha infraestrutura ou espazo degradado ou ben que eliminen o feísmo na intervención.	5
3.3.d Proxectos que melloren o acceso ás TICs	5
3.4 Incidencia sobre a calidade de vida de determinados colectivos	5
3.4.a. Proxectos que incidan especificamente sobre a calidade de vida das persoas maiores.	5
3.4.b Proxectos que incidan especificamente sobre a calidade de vida da poboación infantil e a mocidade (ata os 25 anos)	5
3.4.c. Proxectos que incidan especificamente sobre a calidade de vida das persoas con discapacidade	5
3.4.d. Proxectos que incidan especificamente sobre a calidade de vida das mulleres e a consecución da igualdade de dereitos e oportunidades e/ou a conciliación laboral e familiar	5
3.5.Incidencia ambiental	15
3.5.a Proxectos que melloren a calidade da auga (ríos, regatos, fontes, mananciais, lagoas, augas subterráneas, etc)	12
3.5.b Proxectos que teñan como obxectivo establecer medidas de prevención de xeración de residuos, reutilización ou reciclaxe de materiais e/ou augas ou o seu fomento. Tamén proxectos de demostración e implementación neste sentido.	12
3.5.c Incorporación de enerxías renovables co obxectivo de conseguir un aforro enerxético (superando o mínimo legal)	5
3.5.d Proxectos que contribúan directamente á prevención de incendios forestais.	5
TOTAL PUNTOS MÁXIMOS	45

Os ítems 3.1a e 3.2.a son excluíntes entre si.

Proxectos que teñan por obxecto (4.1.a) ou contribúan (4.1.b) unha das seguintes áreas determinadas como prioritarias na estratexia. **Considérase que teñen por obxecto fundamental** as áreas prioritarias, cando a actividade do proxecto vai destinado, especificamente, a elas. Por exemplo, unha queixería D.O.P. Arzúa-Ulloa ten por obxecto fundamental a transformación e comercialización do leite. **Considérase que o proxecto contribúe a consecución destas áreas**, cando a súa actividade non é especificamente destas áreas, pero as aborda dalgunha maneira. Por exemplo, un hotel no Camiño Norte pode ter unha pequena tenda na

que ofrezca unicamente produtos do territorio e queixo D.O.P. Arzúa-Ulloa, o que contribúe a comercialización e mellora da imaxe de produtos agroalimentarios do territorio, sendo a actividade principal a de aloxamento.

Ámbitos prioritarios:

1. Servizos de igualdade e benestar. Creación ou mellora de: centros residenciais ou comunitarios da terceira idade, centros de día ou centros lúdicos para o colectivo infantil e xuventude (ata 25 anos), escolas infantís e centros para persoas con discapacidade, centros de acollemento para mulleres vítimas de violencia de xénero ou sexual.
2. Intervencións no medio natural orientadas a recuperación da biodiversidade nas fragas autóctonas ou do bosque de ribeira ou recuperación de espazos en Rede Natura 2000. Creación de espazos arborados nos núcleos de poboación.
3. Proxectos orientados á mellora da fixación da poboación no territorio e á atracción de novos poboadores a través de solucións innovadoras no eido da mobilidade e na mellora da dispoñibilidade de vivenda.
4. Investimentos destinados á posta en marcha e valorización da Ruta Cicloturista do Ulla no trazado deseñado polo GDR.
5. Fomento da economía circular local co aproveitamento de refugallos e redución de residuos e contaminantes.

Regras específicas relativas ás limitacións e exclusións sectoriais

Despois de especificar os obxectivos da estratexia de desenvolvemento rural así como de recoller as achegas do proceso participativo sobre as medidas de actuación que levar a cabo para a súa cristalización, sintetízanse neste apartado específico aquelas que teñen que ver coa subvencionalidade do comercio polo miúdo, das actividades de servizos asimiladas, dos investimentos en centros sociais e das actividades de industrias extractivas.

1. ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE RECURSOS NON RENOVABLES

Quedan excluídos de financiamento a través do programa Leader 2023-2027, no GDR Ulla Tambre Mandeo, os investimentos promovidos por empresas de actividades extractivas de recursos non renovables (minerais, metálicos ou non, e combustibles fósiles).

2. CENTROS SOCIAIS

Serán financiáveis os proxectos que teñan por obxecto a recuperación, modernización e/ou ampliación dos centros sociais **xa existentes no territorio**, sempre e cando, cumpran todos e cada un dos seguintes requisitos:

- 1º. Contemplan como parte da rehabilitación a introdución de enerxías renovables para o aforro enerxético en luz ou calefacción, así como a instalación de rede de Internet

aberta que poidan utilizar as persoas usuarias do centro.

2º. Incluír como parte da rehabilitación unha dotación de equipamento para facilitar a realización de actividades sociais no centro e darlle contido (material deportivo, xogos, libros de lectura, equipo informático, máquinas de coser, etc). Esta dotación de equipamento deberá supoñer, cando menos, o 10% do investimento subvencionable.

3º Garantir a súa plena accesibilidade ás persoas usuarias, a través de calquera vía das seguintes:

- a) Apertura ó público nun mínimo de 25 horas semanais, co compromiso de identificar no momento da xustificación final á persoa designada para a tarefa de atención do centro.
- b) No caso de non estar atendido, incluír un sistema de acceso con código para o uso libre da veciñanza usuaria do mesmo.

Tal e como se contempla na Resolución do 27 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos ós territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas; a contía máxima por cada proxecto que supoña a reforma ou ampliación dun local social non poderá exceder os 50.000 euros por proxecto.

Serán subvencionables unicamente os seguintes centros sociais propostos polos membros da Asemblea Xeral:

No Concello de Sobrado, as escolas unitarias de:

- Tellados (Nogueira)
- As Cruces (Grixalba)
- Senín (Carelle)
- Porto do Asno (Codesoso)
- Barcioi (Folgozo)
- Medorra (Folgozo)

No concello de Toques:

- ESCOLA UNITARIA DE BRAÑAS.
- ESCOLA UNITARIA DE PARADELA.
- ESCOLA UNITARIA DE BRAGAÑA- ORDES-
- ESCOLA UNITARIA DE VILAMOR-
- ESCOLA UNITARIA DE SAN MARTIÑO DE OLEIROS

No Concello de Melide:

Centro Social de Baltar

Centro Social de Santalla de Agrón

Centro Social de Furelos

Centro Social do Leboreiro

Centro Social de Folladela

No concello de Vilasantar:

Centro social CEAR O Castro, en Vilasantar.

Local social do Priorato, en Mezonzo

Local social do Pazo, en Barbeito

Local social de San Vicente, en San Vicente

Local social do Seixo, en San Vicente

Local social de Vilariño, en Vilariño

Local social de Armental, en Armental

Cámara agraria en Présaras

Casa da Xuventude en Présaras

No concello de O Pino:

Local social de San Vicente de O Pino.

Local social de Miguel de Pereira.

Local Social de San Lourenzo de Pastor.

Local Social e San Miguel de Cerceda.

2. SECTOR TURÍSTICO: SERVIZOS TURÍSTICOS COMPLEMENTARIOS, ALOXAMENTO E RESTAURACIÓN

SERVIZOS TURÍSTICOS COMPLEMENTARIOS

Serán subvencionables todos os proxectos de creación e/ou mellora de empresas de servizos turísticos complementarios recollidas no artigo 88.1 da Lei 7/2011, de 27 de outubro, de turismo de Galicia coa única excepción daqueles que se dediquen á organización e realización de rutas con vehículos a motor.

ALOXAMENTO

Os proxectos de creación de prazas de aloxamento, sempre e cando cumpran os requisitos establecidos no Convenio de colaboración entre Turismo e Agader que se asine para o Leader 2023-2027, financiaranse como segue:

- No conxunto do territorio, financiaranse unicamente proxectos de creación de prazas de aloxamento de hoteis cunha categoría mínima de 4 estrelas.
- Na zona de influencia do Camiño Norte e Primitivo, sempre que se atope a máis de cinco quilómetros da área de influencia do Camiño Francés, e sempre que conte cun informe do Concello ou doutro organismo oficial no que se constata que a demanda de aloxamento supera á oferta existente avalado por datos oficiais, poderanse subvencionar hoteis, pensións, casas de turismo rural e campamento de turismo. Exclúese a área de influencia do Camiño Francés.
- Para os proxectos localizados nas parroquias polas que transcorren a ruta do Holandés, a Eurovelo 3 (agás na súa coincidencia coa área de influencia do Camiño Francés), e o trazado fixado da Ruta Cicloturista da Ribeira do Ulla (no caso de implementarse durante o Leader 2023-2027); financiarase a creación de prazas de aloxamento sempre que se trate de: hotel, pensión, casa de turismo rural ou campamento de turismo.
- Os proxectos de creación de prazas de aloxamento terán unha subvención máxima establecida en:
 - ✓ 15.000 euros de axuda por cada habitación.
 - ✓ 25.000 euros de axuda por habitación, no caso de proxectos que rehabiliten construcións tradicionais galegas de pedra.
 - ✓ Para os campamentos de turismo a axuda máxima será de 70.000 euros.

Nos proxectos de ampliación e mellora de negocios de aloxamento xa en funcionamento:

- Financiaranse a implantación nos mesmos de servizos turísticos complementarios sempre e cando supoña unha creación de emprego de, como mínimo, unha UTA.
- Financiaranse os investimentos de mellora de atención ós cicloturistas.
- Financiarase os proxectos de incremento de categoría. No caso de que este incremento de categoría leve aparelado un incremento de prazas de aloxamento, as subvencións máximas por habitación serán da metade do importe reflectido para o caso da creación de negocios no apartado anterior.

RESTAURACIÓN

Serán subvencionables os proxectos de creación de restaurantes sempre e cando cumpran todos e cada un dos seguintes requisitos:

- Se localicen e leven aparelado a rehabilitación dunha construción senlleira e tradicional do territorio construída antes do 1900 e que se identifique con: pazo, casa grande, casa reitoral ou muíño.
- Dediquen un espazo no local á exposición e venda de produtos agroalimentarios locais con marca propia, D.O.P Arzúa-Ulloa ou produtos ecolóxicos galegos.
- A axuda máxima para este tipo de proxectos establécese en 50.000,00 euros.
- Exclúense bares e cafeterías.

3. COMERCIO POLO MIÚDO

Será subvencionable o comercio polo miúdo ó que se refiren as limitacións sectoriais nas bases, nos seguintes supostos:

- a) Nos proxectos de creación de empresa, será subvencionable calquera comercio polo miúdo sempre e cando non exista ningún no concello. Será o Concello o encargado de certificar a inexistencia do negocio. Ningún proxecto será subvencionable sen a certificación municipal correspondente de que non existe ningún negocio segundo o IAE ó que pertenza a actividade.
- b) Os proxectos de mellora, ampliación ou modernización dos negocios de comercio polo miúdo xa existentes, serán subvencionables sempre que cumpran os dous requisitos seguintes:
 - i. Que parte dos investimentos estean destinados á redución da contaminación producida pola actividade, a medidas de eficiencia enerxética ou uso de enerxías renovables e/ou a dar a coñecer e mellorar a comercialización dos produtos locais con marca propia (artesanía, souvenirs ou agroalimentarios), Queixo D.O.P. Arzúa-Ulloa ou produtos ecolóxicos. Polo menos un 30% do investimento total subvencionable en debe ir destinado ós conceptos anteriores.
 - ii. Que o proxecto inclúa creación de emprego: mínimo 1 UTA.

Para estes proxectos, exclúense: supermercados, hipermercados, establecementos comerciais de cadeas de distribución nacional e internacional.

Ademais destes supostos, serán tamén financiáveis estes proxectos nos seguintes casos, xa sexa cando se trate da creación dun negocio ou da mellora dun xa existente, a través de ampliación ou modernización:

- c) Será subvencionable o comercio polo miúdo de arte e artesanía (que se acredite con Carta de Artesán/a)
- d) Será subvencionable o comercio polo miúdo que se dediquen á venda **en exclusiva** de produtos agroalimentarios do territorio con marca propia

(producido ou con valor engadido local: transformado, ou etiquetado), Queixo D.O.P. Arzúa-Ulloa e ecolóxicos.

Os proxectos de creación ou mellora de empresas de comercio polo miúdo que se dediquen á comercialización de tabaco ou de combustibles fósiles quedan excluídos de subvencionalidade polo Leader 2023-2027 no GDR Ulla Tambre Mandeo.

4. ACTIVIDADES DO SECTOR SERVIZOS OU ASIMILADAS

Serán subvencionables as empresas de servizos ás que se refiren as limitacións sectoriais nas bases, nos seguintes supostos:

- a) Será subvencionable a creación de calquera empresa de servizos sempre e cando non exista ningunha da súa mesma tipoloxía no concello. Será o Concello o encargado de certificar a inexistencia do negocio segundo o IAE ó que pertenza. Ningún proxecto será subvencionable sen a certificación municipal correspondente de que non existe ningún negocio segundo o IAE ó que pertenza a actividade.
- b) Os proxectos de mellora, ampliación ou modernización dos negocios de actividades de servizos xa existentes, serán subvencionables sempre que cumpran os dous requisitos seguintes:
 - i. Que parte dos investimentos estean destinados á redución da contaminación producida pola actividade, a medidas de eficiencia enerxética ou uso de enerxías renovables e/ou dar a coñecer e mellorar a comercialización dos produtos locais con marca propia (artesanía, souvenirs ou agroalimentarios), Queixo D.O.P. Arzúa-Ulloa ou produtos ecolóxicos. Polo menos un 30% do investimento total subvencionable en debe ir destinado ós conceptos anteriores.
 - ii. Que o proxecto inclúa creación de emprego: mínimo 1 UTA.

Para este tipo de proxectos exclúense: as franquías.

Ademais destes supostos, serán tamén financiáveis estes proxectos nos seguintes casos, xa sexa cando se trate da creación dun negocio ou da mellora dun xa existente, a través de ampliación ou modernización:

- c) Será subvencionable a creación de empresas que teñan por actividade as seguintes: coidado infantil (exemplo: gardería, cangarame, conciliación), servizos sanitarios (exemplo: podoloxía, fisioterapia, odontoloxía, psicoloxía, etc), escolas e clubs deportivos e culturais (exemplo: ioga, artes marciais, pintura e debuxo), atención ó ciclista.
- d) Será subvencionable a creación de empresas de servizos dos solicitantes do Bono Activa Rural (excepto aloxamento, restauración e hostalería)

Os proxectos de creación e/ou mellora de actividades de servizos que se dediquen a: xogos de azar, salóns recreativos que inclúan apostas, circuítos deportivos e de ocio de vehículos a motor de combustión e locais de ocio nocturno; quedan excluídos de subvencionalidade polo Leader 2023-2027 no GDR Ulla Tambre Mandeo.

PLAN DE MANTEMENTO, RESTAURACIÓN, MELLORA OU POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO CULTURAL

No eido da cultura, o GDR ten definido o patrimonio material e inmaterial de maior interese histórico e artístico a través dos diferentes plans de desenvolvemento turístico que leva desenvolvendo nos últimos dez anos. Para que a súa posible rehabilitación e posta en valor sexa perdurable no tempo, é primordial dar un uso a estes bens unha vez rehabilitados, polo que o GDR unicamente financiará proxectos de posta en valor do patrimonio histórico-artístico cando supoñan a posta en marcha de actividades ou usos turístico ou doutra índole (excluído o relixioso). Pode ser a posta en marcha de visitas guiadas cun horario de apertura que terá que estar definido no plan de xestión, xunto co nome da persoa que se fará cargo da actividade, rutas teatralizadas, ou outros usos como oficinas, tendas, elaboración de artesanía, oficinas, etc.

Considéranse elementos prioritarios do patrimonio inmaterial, cultural e histórico do GDR Ulla Tambre Mandeo:

a) Patrimonio histórico-artístico

- A igrexa de Santa María de Mezonzo en Vilasantar.
- O batán de Mezonzo en Vilasantar.
- O dolmen Forno dos Mouros en Toques.
- A igrexa e entorno de San Antolín de Toques.
- O Mosteiro de Sobrado dos Monxes
- A Igrexa románica de Sendelle en Boimorto.
- A Igrexa románica de Santa María de Melide.
- O campamento romano da Ciadella de Sobrado.
- O muíño da ferverza das Brañas en Toques.
- O cruceiro de San Roque en Melide.
- Tódolos bens patrimoniais declarados BIC.

b) Outras manifestacións culturais

- O patrimonio cultural dos Xenerais da Ulla.
- O museo privado Museo Vivente do Mel Enredo do Abelleiro.
- Museo etnográfico de Melide.
- Museo Bea Rey.
- O Centro de Interpretación do Río Ulla.
- Calquera iniciativa museística ou similar que resalte a figura do queixo D.O.P. Arzúa Ulloa.
- Calquera iniciativa museística ou similar que resalte a galiña piñeira.
- Calquera iniciativa museística ou similar que resalte a repostería tradicional de Melide
- Festival da Luz de Boimorto
- Galerías de arte de iniciativa pública ou privada.

PLAN DE MANTEMENTO, RESTAURACIÓN, MELLORA OU POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL

O GDR Ulla Tambre Mandeo leva no seu ADN a auga dos ríos que lle dan nome. O cambio climático e o proceso de desertificación que están sufrindo algunhas partes de España, avanza imparable, e imaxes como as do verán do 2022, cun río Ulla que non era máis que un fío de auga, quedaron imborrables na memoria de todos nós. O nunca imaxinado fai pouco, é agora unha realidade, Galicia pode sufrir por falta de auga. Por iso, protexer os ríos, fontes e regatos é a prioridade máxima do GDR neste período no ámbito do patrimonio natural.

Pouco ou nada pode facer unha explotación leiteira sen auga, sen biodiversidade, sen abellas. Non obstante, é unha realidade que as especies autóctonas non teñen unha rendibilidade económica directa, máis que para algunhas cociñas de leña que aínda se conservan, e que foron en moitos casos substituídas por pellets nos últimos anos, é aínda menos lucrativa a conservación de bosque de ribeira, que dun modo directo e un punto de vista capitalista, se podería dicir que non fai máis que entorpecer a labor agrícola das explotacións gandeiras da zona. Baixo estas circunstancias, as iniciativas de entidades sen ánimo de lucro son fundamentais para conservar os ecosistemas. Os concellos, os GDR e as asociacións deben ter un papel destacado na conservación e recuperación das áreas naturais e na protección dos acuíferos. Por iso esta é gran aposta do GDR para o período Leader 2023-2027 que priorizará na xestión dos seus fondos:

- a) Recuperación do bosque de ribeira nos ríos, afluentes, regatos e lagoas e fragas autóctonas.
- b) Protección vexetal de fontes e acuíferos subterráneos.
- c) Proxectos de estudio e recuperación de especies endémicas do territorio.
- d) Proxectos de creación e rexeneración de bosque autóctono (mínimo 1 hectárea de extensión)
- e) Creación de illas climáticas, zonas de sombra e zonas arboradas nos núcleos de poboación (sombra vexetal nas rúas, carreteras, parques e espazos públicos, zonas arboradas tipo alamedas nas vilas e pobos, proxectos climáticos mediante barreiras vexetais que reduzan a temperatura nas vilas durante as olas de calor etc).
- f) Territorio amparado pola Rede Natura 2000

En tódolos casos debe facerse a rehabilitación de espazos verdes seguindo as directrices das especies forestais autóctonas recollidas no baremo do GDR.